PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LINGUA PORTUGUESA

Curso 2022 - 2023

	ÍNDICE	Páxina
1	**Introdución e contextualización**	4
2	**Contribución da aprendizaxe da Lingua Portuguesa á adquisición das competencias clave**	5
3	**Datos do departamento no curso 2022 ~ 2023**	6
4	**O Portugués 2ª Lingua Estranxeira na Educación Secundaria Obrigatoria**	7
4.1	***Obxectivos na Educación Secundaria Obrigatoria***	7
4.2	***Portugués ~ 2º ESO***	8
4.2.1	Contidos, secuenciación e temporalización	8
4.2.2	Concreción dos estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación en relación coas competencias clave	16
4.2.3	Relación de mínimos esixibles para a superación da materia en 2º de ESO	24
4.3	***Portugués ~ 4º ESO***	28
4.3.1	Contidos, secuenciación e temporalización	28
4.3.2	Concreción dos estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación en relación coas competencias clave	36
4.3.3	Relación de mínimos esixibles para a superación da materia en 4º de ESO	44
5	**O Portugués no Bacharelato (2ª Lingua Estranxeira)**	49
5.1	***Obxectivos no Bacharelato***	49
5.2	***Portugués ~ 2º Bacharelato***	51
5.2.1	Contidos, secuenciación e temporalización	51
5.2.2	Concreción dos estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación en relación coas competencias clave	59
5.2.3	Relación de mínimos esixibles para a superación da materia en 2º de BAC (2ª Lingua)	69
6	**PORTUGUÊS LINGUA ESTRANXEIRA II (PRIMEIRA LINGUA)**	75
6.1	***Introdución e contextualización***	75
6.2	***Português Lingua Estranxeira II ~ 2º BACHARELATO***	75
6.2.1	Contidos, secuenciación e temporalización	75
6.2.2	Concreción dos estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación, competencias clave e elementos transversais	88
6.2.3	Relación de criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles para a superación da materia *Portugués Lingua Estranxeira* II en 2º de Bacharelato	98
7	**Concrecións metodolóxicas que require a materia de Português**	104
7.1	Aspectos xerais	104

7.2	Estratexias metodolóxicas xerais	105
8	**Materiais e recursos**	106
9	**Avaliación**	108
9.1	***Procedementos de avaliación inicial***	108
9.1.1	Planificación do curso	108
9.1.2	Procedementos que lle permitan ó alumnado de Bacharelato acreditar os coñecementos necesarios na materia de Lingua Portuguesa	108
9.2	***Criterios e procedementos de avaliación na ESO***	108
9.2.1	Ensino presencial ordinario	108
9.2.2	Criterios de cualificación	109
9.3	**Criterios e procedementos de avaliación no Bacharelato**	110
9.3.1	Avaliación do ensino no Bacharelato	110
9.3.2	Instrumentos de avaliación	111
9.3.3	Criterios de cualificación no Bacharelato	111
9.4	**Recuperación e avaliación da materia pendente na ESO e no Bacharelato**	113
10	**Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente**	114
11	**Medidas de atención á diversidade**	115
11.1	Medidas xerais de atención á diversidade	115
12	**Concreción dos elementos transversais traballados polo Departamento de Portugués**	117
12.1	Contribución da materia de Portugués ó ***Plan Lector***	117
12.2	Educación en valores: contribucións ó ***Plan de Convivencia***	120
12.3	As ***TIC*** (Tecnoloxías da Información e da Comunicación)	121
13	**Actividades complementarias e extraescolares para o curso 2022 ~ 2023**	122
14	**Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica**	123
14.1	Mecanismos de revisión da programación didáctica	124
14.2	Avaliación da programación didáctica	124
15	**Marco lexislativo**	125
15.1	Modificacións da programación didáctica derivadas do marco lexislativo actual	125

1 Introdución e contextualización

Contextualmente, o alumnado do IES de Melide reúne as características idóneas para a aprendizaxe do portugués como segunda lingua estranxeira:

⇒ Trátase dunha contorna rural que abraza unha vila coa que se relaciona estreitamente (servizos, comercio, administración...). Isto é significativo en canto que a maior parte do noso alumnado ten un bo dominio da lingua galega e iso supón, cando menos, unha óptima disposición cara á aprendizaxe do portugués.

⇒ Esa vantaxe lingüística do alumnado galego en xeral, mais particularmente do alumnado galegofalante de Melide, tradúcese en:

- Correcta -e rápida- asimilación fonética do portugués.
- Comprensión e adopción case espontánea das súas estruturas sintácticas e
- Coñecemento -e recoñecemento- fluído da tradición cultural lusa.

⇒ A isto engádese a relativa facilidade con que este mesmo alumnado pode entrar en contacto directo con Portugal, ben sexa a través de visitas particulares (coa familia...), ben a través das visitas organizadas polo noso centro. En calquera dos dous casos, a interacción coa poboación nativa e a súa forma de vida, esencial para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, é factible neste caso e significa, por proximidade xeográfica e cultural, unha oportunidade única de aprender un idioma en frecuente e estreito contacto directo co país do que esa lingua é orixinaria.

⇒ A maiores, unha parte do noso alumnado ten lazos directos con Portugal, lazos familiares en varios dos casos. Desde o departamento de Lingua portuguesa temos a oportunidade de tender unha ponte entre as dúas culturas, e non só para os alumnos e alumnas que as comparten a nivel familiar, senón para todos e todas, pois é incuestionable que un pasado lingüístico común e innumerables conexións en canto ás tradicións, á organización das formas de vida (nomeadamente no rural), ás manifestacións culturais, etc., fan que se produza unha identificación inmediata –e significativa- entre o estudantado galego e a lingua portuguesa.

⇒ Desde o punto de vista estritamente lingüístico, ademais, cómpre destacar a enorme vantaxe que supón estudar simultaneamente varias linguas románicas: o alumnado asimílaas comparativa e conxuntamente (de forma inconsciente e/ou polo propio labor do profesorado) e adquire, transcorrido o tempo, unha maior competencia lingüística cca se este estudo fose único e por separado, mesmo se incrementa a súa capacidade para adquirir con máis facilidade linguas doutras familias (non latinas, como as xermánicas).

⇒ Por outra banda, ademais, a teor do sucedido no curso anterior, o portugués pode converterse, e de feito xa o fixo, nunha segunda lingua estranxeira accesible con certas garantías de éxito para aqueles/as alumnos e alumnas que presentan dificultades na área lingüística, o que sen dúbida reforza a súa autoestima (vense “capaces”, coma tódolos demais, de aprender unha

segunda lingua estranxeira, precisamente polo moito que se parece á súa) e tradúcese nunha maior progresión académica do alumnado no conxunto das materias que conforman o nivel que cursa.

⇒ Coa aprendizaxe do portugués, en definitiva, estase a reafirmar a relación histórica, lingüística e cultural entre dous pobos con raíces comúns que hoxe en día están nas mellores condicións para coñecerse e recoñecerse mutuamente (este contexto é absolutamente excepcional, posto que estamos ante un contacto internacional que, na realidade, supón a confraternización entre dúas culturas que falaron a mesma lingua séculos atrás e compartiron –comparten- unha cultura común en moitos aspectos).

2 CONTRIBUCIÓN DA APRENDIZAXE DA LINGUA PORTUGUESA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tal e como se formula no Marco Común Europeo de Referencia, o ensino de varias linguas estranxeiras contribúe ao desenvolvemento por parte dos individuos dunha competencia comunicativa denominada plurilingüe, que facilitará a súa mobilidade e integración, formando cidadáns abertos a outras culturas e con capacidade para se desenvolveren en diferentes contextos.

O ensino da lingua portuguesa contribuirá á adquisición por parte do alumnado dalgunhas competencias clave, entre as que destaca a relativa á ***comunicación lingüística***, xa que ofrece maiores posibilidades de intercomunicación e reflexión sobre a lingua. Porén, non é esta a única; os progresivos logros na aprendizaxe farán que o alumnado sexa consciente dos seus progresos no coñecemento da lingua e provocarán o desexo de facer dela un instrumento de acceso a unha información ilimitada. Pódese falar, pois, de que o alumnado adquire plena competencia para ***aprender a aprender***.

Por outra banda, o feito de que a aprendizaxe da lingua portuguesa facilite a interacción cos seus falantes implica constantemente a consecución das ***competencias sociais e cívicas***. Ademais, o seu coñecemento é un medio para se desenvolver axeitadamente no contexto lusófono, o que supón acadar unha ***conciencia cultural e artística,*** que lle ha servir de instrumento para a aproximación á identidade dos pobos que a falan. Así mesmo, e prevendo as posibilidades que un alumno ou alumna poida ter no seu futuro laboral ou na súa formación no exterior, o estudo do portugués é por definición unha demostración do seu ***sentido da iniciativa e do seu espírito emprendedor***, pois tal como se vén demostrando publicamente nos últimos anos, esta lingua é chave significativa no acceso á vida académica e/ou laboral dun bo número de países. Consideramos que a propia iniciativa de aprender o portugués, ademais, fará que o alumnado chegue a ser consciente de que é capaz de se desenvolver en situacións que antes lle resultarían adversas. Esta superación de dificultades mellorará a súa autoestima e daralle confianza para se enfrontar a novas metas.

A consecuencia da pandemia é fundamental tamén a contribución desta materia á consecución da ***competencia dixital***, pois constantemente teremos que desenvolvela a través de actividades que impliquen o emprego de recursos que requiran medios de información en diferentes soportes: CD, DVD, internet, TIC... Este ano, coa situación actual provocada pola pandemia, é primordial proporcionarlle ó alumnado **recursos dixitais cos que poder facer fronte a un posible ensino telemático**, ou de ser o caso, semipresencial, polo que será fundamental desenvolver nas primeiras semanas do curso unhas **habilidades dixitais mínimas coas que poder garantir o seu proceso de aprendizaxe con éxito.**

Finalmente, e dun xeito máis indirecto, a lingua portuguesa contribuirá ó desenvolvemento da ***competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***, ao empregala na expresión de contidos de diferentes ámbitos curriculares, nomeadamente a través do traballo con textos ou referentes informativos ou instrutivos.

3 Datos do departamento no curso 2022 ~ 2023

No curso actual impártese a materia de Lingua Portuguesa en **tódolos niveis** da **ESO** (4) e **BACHARELATO** (2) como ***segunda lingua estranxeira*** (6), e en **2º do BACHARELATO** como ***primeira lingua estranxeira*** (2).

Denominación da materia	Curso	Grupos	Profesora
Portugués 2ª LE	1º ESO	1	Ádega Mariña Andrade Freire
Portugués 2ª LE	2º ESO	1	Jaime Blanco Quiñoy
Portugués 2ª LE	3º ESO	1	Ádega Mariña Andrade Freire
Portugués 2ª LE	4º ESO	1	Ádega Mariña Andrade Freire
Portugués 2ª LE	1º BAC	1	Ádega Mariña Andrade Freire
Portugués 2ª LE	2º BAC	1	Ádega Mariña Andrade Freire
Portugués LE (1ª Lingua)	2º BAC	1	Ádega Mariña Andrade Freire

4 EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

4.1 Obxectivos na Educación Secundaria Obrigatoria

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada, nomeadamente na lingua portuguesa.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran

achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo, particularmente as que conforman a Lusofonía.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4 Portugués 2ª LE ~ Concrecións curriculares por niveis

4.2 Portugués ~ 2º ESO

4.2.1 Contidos, secuenciación e temporalización

	UNIDADE DIDÁCTICA	Identificación do contido (*)	Contido (*)	Temporalización		Probas avaliación
				Mes	Número de sesións	
1ª Avaliación	0	B1.1 B1.3 B1.4	Estratexias de comprensión: - Mobilización de coñecementos previos a partir do visionado de imaxes. - Identificación de palabras clave furante a escoita activa da lingua oral (da profesora, de gravacións...). - Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando gravacións ou solicitando a repetición de emisións orais. - Memorización de expresións orais: o saúdo.	Set. Out.	6	
		B2.1	Estratexias de produción:			

		B2.2 B2.3	- Planificación: adecuación da mensaxe ó destinatario, ó contexto e á canle, e escolla dos expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Execución: mobilización de coñecementos previos relativos ó tema e ó contexto lingüístico. - Compensación de carencias lingüísticas a través de procedementos paralingüísticos como a identificación (sinalización de obxectos e/ou imaxes). - Actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para facerse comprender oralmente. - Uso de modelos de interacción relativos a situacións comunicativas da vida cotiá: a chegada á aula.			
		B3.1 B3.2	Estratexias de comprensión: - Mobilización de coñecementos previos. - Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.			
		B4.1	Estratexias de produción: - Planificación: mobilización das propias competencias comunicativas (repasar, preguntar, seleccionar...). - Execución: elaboración de borradores. - Revisión ortográfica e prosódica (introdución).			
		B5.1 B5.2 B5.3 B5.5	- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: os sons e fonemas vocálicos e a súa abertura. - Patróns gráficos e convencións ortográficas: a ortografía básica da palabra. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: a Lusofonía. - Funcións comunicativas: descrición sinxela das calidades físicas dos obxectos. - Estruturas sintáctico-discursivas. a expresión da existencia: o verbo SER. - Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca; nada, nemhum nenhum(a), ninguém).*			
	1	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Estratexias de comprensión: - Mobilización de coñecementos previos a partir do visionado de imaxes. - Inferencia do significado probable das palabras a partir do contexto e dos coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. - Tolerancia da comprensión parcial nunha situación comunicativa. - Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando gravacións ou solicitando a repetición de emisións orais. - Memorización de expresións orais: a presentación.	Out. Nov.	9	
		B2.1 B2.2 B2.3	Estratexias de produción: Planificación: adecuación da mensaxe ó destinatario, ó contexto e á canle, e escolla dos expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Execución: mobilización de coñecementos previos relativos ó tema e ó contexto lingüístico. - Compensación das carencias mediante o uso de procedementos lingüísticos: sinonimia, definicións e/ou paráfrase e petición de axuda (*dicas*). - Uso da linguaxe cinésica pertinente: acenos propios do saúdo e da despedida. - Actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para facerse comprender oralmente. - Uso de modelos de interacción relativos a situacións comunicativas da vida cotiá: a saída da aula: fórmulas de despedida.			

		B3.1 B3.2	Estratexias de comprensión: - Mobilización de coñecementos previos. - Formulación e descarte, cando cumprir, de hipóteses sobre o contido, en base, sobre todo, á comprensión de elementos lingüísticos significativos e ó coñecemento e ás experiencias noutras linguas. - Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.			
		B4.1	Estratexias de produción: - Planificación: mobilización das propias competencias comunicativas (repasar, preguntar, seleccionar...). - Execución: elaboración de borradores. - Revisión ortográfica e prosódica (introdución). - Corrección de erros e repeticións.			
		B5.1 B5.2 B5.3 B5.5	- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas consonánticos. - Patróns gráficos e convencións ortográficas: as grafías do fonema velar fricativo xordo: *x, ch, s implosivo.* - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: recoñecemento e uso das fórmulas de cortesía. - Funcións comunicativas: relacionamento social e persoal: como dirixirse a alguén para pedir información. - Campo léxico da comida: as *refeições.* - Estruturas sintáctico-discursivas: a expresión da existencia: o verbo ESTAR. - As indicacións temporais: *antes, agora, depois, em seguida, logo...* - Expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *são quinze para as três; em 1999*), divisións (p. ex., días, meses; século; estación) e indicacións (p. ex., *atrás, cedo, tarde*) de tempo; duración (p. ex., *de/desde...a; durante*); anterioridade (*ainda; ontem*); posterioridade (*depois, logo, próxima segunda-feira*); secuencia (*primeiro, depois, finalmente*); simultaneidade (*ao mesmo tempo*); frecuencia (p. ex., *geralmente; usualmente*).			x
	2	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Estratexias de comprensión: - Mobilización de coñecementos previos a partir do visionado de imaxes. - Identificación de palabras clave durante a escoita activa da lingua oral (da profesora, de gravacións...). - Inferencia do significado probable das palabras a partir do contexto e dos coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. - Tolerancia da comprensión parcial nunha situación comunicativa. - Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando gravacións ou solicitando a repetición de emisións orais. - Memorización de expresións orais: consignas de aula: a petición.	Nov. Dec.	9	
		B2.1 B2.2 B2.3	Estratexias de produción: - Planificación: adecuación da mensaxe ó destinatario, ó contexto e á canle, e escolla dos expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Execución: mobilización de coñecementos previos relativos ó tema e ó contexto lingüístico. - Compensación das carencias mediante o uso de procedementos lingüísticos: sinonimia, definicións e/ou paráfrase e petición de axuda (*dicas*). - Actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para facerse comprender oralmente. - Uso de modelos de interacción relativos a situacións comunicativas da vida cotiá: descrición dialogada sobre os hábitos diarios.			

		B3.1 B3.2	Estratexias de comprensión: - Mobilización de coñecementos previos. - Formulación e descarte, cando cumprir, de hipóteses sobre o contido, en base, sobre todo, á comprensión de elementos lingüísticos significativos e ó coñecemento e ás experiencias noutras linguas. - Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. - Lectura comprensiva de textos sinxelos.			
		B4.1	Estratexias de produción: - Planificación: mobilización das propias competencias comunicativas (repasar, preguntar, seleccionar...). - Uso de fórmulas sinxelas estables aprendidas con anterioridade. - Execución: elaboración de borradores. - Revisión: presentación adecuada (marxes, limpeza...). - Revisión ortográfica e prosódica (introdución).			
		B5.1 B5.2 B5.3 B5.4 B5.5	- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas consonánticos: combinacións. - Patróns gráficos e convencións ortográficas: a *vírgula.* - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: hábitos, horarios e actividades cotiás. - Plurilingüismo: identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Funcións comunicativas: descrición das calidades físicas e abstractas das persoas. - Estruturas sintáctico-discursivas: a expresión da existencia: os verbos *ter/haver.* - A expresión da exclamación (formas elípticas Que + (subst.) + adx., p. ex.: *Que día lindo!*; sentenzas e sintagmas exclamativos, p.ex.: *Está bom!*). - Os determinantes: tipos e contraccións.			x

	UNIDADE DIDÁCTICA	Identificación do contido (*)	Contido (*)	Temporalización		Probas avaliación
				Mes	Número de sesións	
2ª Avaliación	3	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Estratexias de comprensión: - Mobilización de coñecementos previos a partir do visionado de imaxes. - Identificación de palabras clave durante a escoita activa da lingua oral (da profesora, de gravacións...). - Inferencia do significado probable das palabras a partir do contexto e dos coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. - Tolerancia da comprensión parcial nunha situación comunicativa. - Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando gravacións ou solicitando a repetición de emisións orais. - Memorización de expresións orais: o saúdo en relación ás partes do día.	Xan. Feb.	8	
		B2.1	Estratexias de produción:			

		B2.2 B2.3	- Planificación: adecuación da mensaxe ó destinatario, ó contexto e á canle, e escolla dos expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Execución: percepción da idea principal da mensaxe recibida. - Compensación das carencias mediante o uso de procedementos lingüísticos: sinonimia, definicións e/ou paráfrase e petición de axuda (*dicas*). - Actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para facerse comprender oralmente. - Uso de modelos de interacción relativos a situacións comunicativas da vida cotiá: a conversa telefónica.			
		B3.1	Estratexias de comprensión: - Mobilización de coñecementos previos. - Identificación do sentido xeral da mensaxe. - Formulación e descarte, cando cumprir, de hipóteses sobre o contido, en base, sobre todo, á comprensión de elementos lingüísticos significativos e ó coñecemento e ás experiencias noutras linguas. - Lectura comprensiva de textos sinxelos.			
		B4.1	Estratexias de produción: - Planificación: mobilización das propias competencias comunicativas (repasar, preguntar, seleccionar...). - Procura e uso de recursos (dicionario, internet...). - Execución: elaboración de borradores. - Adecuación lingüística ó texto e rectificación se fose necesario. - Revisión ortográfica e prosódica (correcta puntuación).			
		B5.1 B5.2 B5.3 B5.4 B5.5	- Patróns sonoros, acentuais, rítimicos e de acentuación: procesos fonolóxicos básicos. - Patróns gráficos e convencións ortográficas: emprego adecuado dos signos de puntuación: ponto, *ponto e virgula e reticencias.* - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: a cultura (aspectos moi básicos) dos países que conforman a Lusofonía. - Plurilingüismo: identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Funcións comunicativas: a descrición de estados. - Estruturas sintáctico-discursivas: a afirmación: sentenzas declarativas afirmativas; proforma (p. ex. *eu também; certamente*...). - A entidade (substantivos contables/incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/tónicos); determinantes); a calidade (*-íssimo, -ílimo; muito raro; melhor*). - A expresión da cantidade (singular/plural; numerais, cardinais e ordinais); indefinida, absoluta (p.ex.: *todo, maioria, ambos, nenhum*...) ou relativa (p.ex.: *muito; tão; um pouco*).			X
	4	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Estratexias de comprensión: - Mobilización de coñecementos previos a partir do visionado de imaxes. - Identificación de palabras clave durante a escoita activa da lingua oral (da profesora, de gravacións...). - Inferencia do significado probable das palabras a partir do contexto e dos coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. - Tolerancia da comprensión parcial nunha situación comunicativa. - Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando gravacións ou solicitando a repetición de emisións orais.	Feb. Mar.	8	

			- Memorización de expresións orais de uso frecuente na conversa (*Pronto...*).			
		B2.1 B2.2 B2.3	Estratexias de produción: - Planificación: adecuación da mensaxe ó destinatario, ó contexto e á canle, e escolla dos expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Execución: mobilización de coñecementos previos relativos ó tema e ó contexto lingüístico. - Expresión clara e minimamente coherente de textos orais sinxelos, axustándose, se é o caso, a modelos traballados na clase previamente. - Compensación das carencias mediante o uso de procedementos lingüísticos: sinonimia, definicións e/ou paráfrase e petición de axuda (*dicas*). - Actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para facerse comprender oralmente. - Uso de modelos de interacción relativos a situacións comunicativas da vida cotiá: o uso dos transportes (compra de billetes...).			
		B3.1 B3.2	Estratexias de comprensión: - Mobilización de coñecementos previos. - Análise de imaxes, títulos e outros elementos complementarios, se os houber. - Identificación do sentido xeral da mensaxe. - Formulación e descarte, cando cumprir, de hipóteses sobre o contido, en base, sobre todo, á comprensión de elementos lingüísticos significativos e ó coñecemento e ás experiencias noutras linguas. - Lectura comprensiva e significativa de textos seleccionados (relativos ás tradicións na Lusofonía).			
		B4.1	Estratexias de produción: - Planificación: mobilización das propias competencias comunicativas (repasar, preguntar, seleccionar...). - Execución: elaboración de borradores. - Estruturación do texto, tanto na forma coma no contido, en base a modelos pouco complexos (parágrafos curtos...). - Corrección de erros e repeticións. - Revisión ortográfica e prosódica de textos dados ou elaborados.			
		B5.1 B5.2 B5.3 B5.4 B5.5	- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de acentuación: as nasais. - Patróns gráficos e convencións ortográficas: a corrección e a puntuación textual. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: as celebracións e o lecer na Lusofonía. Semellanzas e diferenzas coas nosas. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas cunha lingua e cultura diferentes á propia. - Plurilingüismo: identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos (exposición por equipos na pizarra dixital das celebracións na Lusofonía) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe. - Funcións comunicativas: ofrecemento de información e indicacións. - Estruturas sintáctico-discursivas: a interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *Quem fez o quê? Para que é isso?); interrogativas tags (p. ex., Queres ir ao cinema, não queres?*). - Expresión do tempo: pasado (*pretérito perfeito simples e composto, imperfeito,*); presente (*presente*); futuro (*ir + Inf.*, *presente do indicativo + Adv.; haver-de*)…			X

	UNIDADE DIDÁCTICA	Identificación do contido (*)	Contido (*)	Temporalización		Probas avaliación
				Mes	Número de sesións	
3ª Avaliación	5	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Estratexias de comprensión: - Mobilización de coñecementos previos a partir do visionado de imaxes. - Identificación de palabras clave durante a escoita activa da lingua oral (da profesora, de gravacións...). - Inferencia do significado probable de palabras ou expresións máis amplas a partir do contexto e dos coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. - Tolerancia da comprensión parcial nunha situación comunicativa. - Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando gravacións ou solicitando a repetición de emisións orais. - Memorización de expresións orais relacionadas coa expresión do desagrado (*Que chatice!*).	Mar. Abr.	12	
		B2.1 B2.2 B2.3	Estratexias de produción: - Planificación: adecuación da mensaxe ó destinatario, ó contexto e á canle, e escolla dos expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Execución: mobilización de coñecementos previos relativos ó tema e ó contexto lingüístico. - Expresión clara e minimamente coherente de textos orais sinxelos, axustándose, se é o caso, a modelos traballados na clase previamente. - Compensación das carencias mediante o uso de procedementos lingüísticos: sinonimia, definicións e/ou paráfrase e petición de axuda (*dicas*). - Actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para facerse comprender oralmente. - Uso de modelos de interacción relativos a situacións comunicativas da vida cotiá: unha comida no restaurante.			
		B3.1	Estratexias de comprensión: - Identificación de campos léxicos predominantes. - Análise de imaxes, títulos e outros elementos complementarios, se os houber. - Identificación do sentido xeral da mensaxe. - Formulación e descarte, cando cumprir, de hipóteses sobre o contido, en base, sobre todo, á comprensión de elementos lingüísticos significativos e ó coñecemento e ás experiencias noutras linguas. - Lectura comprensiva e significativa de textos seleccionados (as *lojas* e as súas mercadorías).			
		B4.1	Estratexias de produción: - Planificación: mobilización das propias competencias comunicativas (repasar, preguntar, seleccionar...). - Procura e uso de recursos (dicionarios, manuais, internet...). - Execución: puntuación de textos dados ou creados. - Estruturación do texto, tanto na forma coma no contido, en base a modelos pouco			

			complexos (parágrafos curtos...). Elaboración de textos persoais (diario). - Corrección de erros e repeticións. - Reescritura definitiva dos borradores modificados.			
		B5.1 B5.2 B5.3 B5.4 B5.5	- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: os tonemas do portugués. - Patróns gráficos e convencións ortográficas: o til: clases e usos. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: lugares significativos nas culturas lusófonas. A vida comercial da contorna (tipos de *lojas*...). - Plurilingüismo: Participación en proxectos (elaboración de carteis coa organización do espazo, rural e urbano) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe. - Funcións comunicativas: narración de acontecementos/anécdotas e descrición de situacións, con e sen apoio de imaxes dadas. - Estruturas sintáctico-discursivas: expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia; movemento, dirección, orixe e acomodación). - Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., devagar, pior). - Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); permiso (poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.), intención (*pensar + Inf.; querer de /ter de + Inf.*, pretérito imperfeito gostar de + Inf.), capacidade (*é capaz de + Inf.; saber*); posibilidade/probabilidade (*poder; dever; ser possível / impossível + Inf.; talvez*); obrigación (imperativo).			X
	6	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Estratexias de comprensión: - Mobilización de coñecementos previos a partir do visionado de imaxes. - Identificación de palabras clave durante a escoita activa da lingua oral (da profesora, de gravacións...). - Inferencia do significado probable de palabras ou expresións máis amplas a partir do contexto e dos coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. - Tolerancia da comprensión parcial nunha situación comunicativa. - Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando gravacións ou solicitando a repetición de emisións orais. - Memorización de expresións orais relacionadas co humor.	Maio Xuñ.	12	
		B2.1 B2.2 B2.3	Estratexias de produción: - Planificación: adecuación da mensaxe ó destinatario, ó contexto e á canle, e escolla dos expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Execución: mobilización de coñecementos previos relativos ó tema e ó contexto lingüístico. - Expresión clara e minimamente coherente de textos orais sinxelos, axustándose, se é o caso, a modelos traballados na clase previamente. - Compensación das carencias mediante o uso de procedementos lingüísticos: sinonimia, definicións e/ou paráfrase e petición de axuda (*dicas*). - Actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para facerse comprender oralmente. - Uso de modelos de interacción relativos a situacións comunicativas da vida cotiá: unha compra no mercado.			
		B3.1 B3.2	Estratexias de comprensión: - Identificación de campos léxicos predominantes. - Análise de imaxes, títulos e outros elementos complementarios, se os houber. - Identificación do sentido xeral da mensaxe.			

			- Formulación e descarte, cando cumprir, de hipóteses sobre o contido, en base, sobre todo, á comprensión de elementos lingüísticos significativos e ó coñecemento e ás experiencias noutras linguas. - Soletreo e asociación de grfía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. - Lectura comprensiva e significativa de textos seleccionados (as compras).			
		B4.1	Estratexias de produción: - Planificación: mobilización das propias competencias comunicativas (repasar, preguntar, seleccionar...). - Procura e uso de recursos (dicionarios, manuais, internet...). - Estruturación do texto, tanto na forma coma no contido, en base a modelos pouco complexos (parágrafos curtos...). Elaboración de textos persoais (diario). - Revisión ortográfica e prosódica (correcta puntuación).			
		B5.1 B5.2 B5.3 B5.4 B5.5	- Patróns sonoros, acentuais, rítimicos e de entoación: distinción entre alveolares xordas e sonoras combinadas en contextos textuais amplos. - Patróns gráficos e convencións ortográficas: a acentuación e o grao de abertura. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: as relacións interpersoais (familiares, de amizade, escolares...). - Plurilingüismo: participación en proxectos (montaxe dunha escena teatral centrada no mundo da adolescencia) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe. - Funcións comunicativas: expresión sinxela do coñecemento/descoñecemento e da certeza. - Estruturas sintáctico-discursivas: expresión de relacións lóxicas: adición (e*, nem, e também); disxunción (ou, ou…ou); oposición/contraste (mas*); causa (*porque; por isso)*; finalidade (*para + Inf.*); comparación (*mais/menos/ tão* + Adj./Adv.+ (do) que/ como /quanto; maior / mais pequeno...); superlativo absoluto (*-íssimo, -limo*). - Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (*estar a + Inf., presente, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo*; *continuar + Ger.*); habitual (*tempos simples (+ Adv.)*, p. ex. *No verão está calor*).			X

4.2.2 Concreción dos estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación en relación coas competencias clave

1ª Avaliación	UNIDADE DIDÁCTICA	Identificación do estandar (*)	Estándares de aprendizaxe (*)	Grao de consecución	Instrumentos de avaliación						Competencias clave	Elementos transversais
					Proba escrita	Proba oral	Traballo indiv.	Traballo gru.	Caderno	Observ. Clase		
	0	SLEB1.1 SLEB1.2	⇒ Comprende preguntas sinxelas e habituais sobre información básica de carácter persoal. ⇒ Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (a presentación dunha persoa) e segue instrucións e consignas de aula (o saúdo).	1 0 0		X	X			X	CCL CAA CCEC CD	E ECC
		SLEB2.1	⇒ Na maioría das actividades de aula, amosa unha	1		X	X	X			CCL	ECC

		SLEB2.2	actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. ⇒ Utiliza de xeito espontáneo as fórmulas de saúdo na súa chegada á aula.	00						X	CAA CCEC CSIEE CD	EO
		SLEB3.2 SLEB3.4	⇒ Comprende consignas básicas e predicibles,de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. ⇒ Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre as actividades escolares.	100	X		X		X	X	CCL CAA CCEC CD	CL E
		SLEB4.2 SLEB4.3	⇒ Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións. ⇒ Escribe avisos, notas moi sinxelas e breves, relativas a actividades presentes e a necesidades inmediatas.	100	X		X		X	X	CCL CAA CCEC CD	CL EE
		SLEB5.1 SLEB5.2 SLEB5.5	⇒ Identifica sons e grafías de fonemas básicos, pronúnciaos con suficiente intelixibilidade e escríbeos correctamente. ⇒ Saúda correctamente, tanto na lingua oral coma na escrita. ⇒ Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais e sobre os elementos da propia aula, utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.	50	X	X	X	X	X	X	CCL CD CAA CCL CAA CCEC CD	CL EOE ECC
	1	SLEB1.2 SLEB1.4	⇒ Comprende frases e expresións habituais relacionadas co tratamento social (dirixirse a unha persoa) e segue instrucións e consignas de aula (dirixirse á profesora e ós compañeiros/as). ⇒ Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como as comidas.	100		X	X	X		X	CCL CAA CCEC CD	E TIC
		SLEB2.1 SLEB2.2 SLEB2.3 SLEB2.4	⇒ Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. ⇒ Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. ⇒ Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide información sobre actividades comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. ⇒ Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.	100		X	X	X		X	CSIEE CCL CAA CCEC CD	ECC EO E

		SLEB3.2 SLEB3.4	⇒ Comprende consignas básicas e predicibles,de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (o tempo diante dun reloxo...). ⇒ Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre as formas de cortesía no conxunto da Lusofonía.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CSIEE	CL E
		SLEB4.2 SLEB4.3 SLEB4.4	⇒ Completa un cuestionario sinxelo tipo test relacionado cos seus intereses ou as súas afeccións. ⇒ Escribe avisos, notas moi sinxelas e breves, relativas a actividades presentes e a necesidades inmediatas como as comidas do día. ⇒ Escribe expresións breves e sinxelas, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou frase por outra para a expresión do tempo.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CSIEE	CL EE
		SLEB5.1 SLEB5.2 SLEB5.5	⇒ Identifica as grafías e o son correspondentes ó fonema palatal fricativo xordo. ⇒ Distingue e usa as fórmulas de tratamento, tanto en situacións reais (aula) como recreadas (rúa). ⇒ Comprende e comunica propósito ligado á expresión da existencia (presente do verbo ser) e da temporalidade básica (eixo pasado-presente-futuro). utilizando un léxico sinxelo e traballado previamente.	50	X	X	X	X	X	X	CCL CAA CCEC CD	CL EOE ECC
	2	SLEB1.1 SLEB1.2 SLEB1.3 SLEB1.4	⇒ Comprende preguntas básicas moi sinxelas sobre os seus hábitos, horarios e actividades cotiás sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. ⇒ Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. ⇒ Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais breves procedentes de medios audiovisuais ou de internet, relacionados coa descrición física dunha persoa. ⇒ Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa (inicialmente coa profesora), que traten sobre o conxunto de acividades que forman parte da súa axenda diaria.	100		X	X	X		X	CCL CAA CCEC CD	E TIC
		SLEB2.1 SLEB2.2 SLEB2.3 SLEB2.4 SLEB2.5	⇒ Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. ⇒ Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria, nomeadamente as relacionadas coa casa o co contorno escolar. ⇒ Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións relacionadas cos horarios e as datas. ⇒ Participa en conversas informais breves e moi básicas, como pedir ou ofrecer algo na clase. ⇒ Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a, con preguntas sinxelas e directas e coa colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	100		X	X	X		X	CCL CAA CSIEE CCEC CD	ECC EO

		SLEB3.1 SLEB3.2 SLEB3.3 SLEB3.4	⇒ Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. ⇒ Comprende consignas básicas e de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (rotulación do centro en portugués). ⇒ Comprende información básica e moi sinxela na que se fala sobre sentimentos, preferencias e afeccións, moi cotiáns e propios da súa idade. ⇒ Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e se for preciso con apoio visual, sobre as actividades escolares e de lecer, acordes coa súa idade e coa súa experiencia.	100	X		X		X	X	CCL CAA CD CSIEE CCEC	CL E TIC
		SLEB4.1 SLEB4.2 SLEB4.3 SLEB4.4	⇒ Elabora textos sinxelos a partir de enunciados traballados previamente, empregando expresións relacionadas coa existencia e coa pertenza. ⇒ Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ás súas actividades diarias. ⇒ Escribe expresións de uso recorrente, como a data completa de cada clase. ⇒ Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (mellora de léxico relacionado coa descrición a través do emprego de sinónimos).	100	X		X		X	X	CCL CD CAA CSC CSIEE CCEC	CL EE E
		SLEB5.1 SLEB5.2 SLEB5.3 SLEB5.4 SLEB5.5	⇒ Identifica e distingue con claridade tódolos sons correspondentes ás letras do alfabeto. ⇒ Utiliza fórmulas de saúdo e despedida no inicio e remate da sesión de clase amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. ⇒ Nas actividades de aula, comprende e describe as características dunha persoa apoiándose nas linguas que son do seu coñecemento (elementos da descrición física; pautas para o tratamento das calidades abstractas...). ⇒ Participa en proxectos (elaboración dun cartel con expresións exclamativas frecuentes) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais (expresión da empatía, da xenerosidade, da identificación cultural...), evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ⇒ Comunica, utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, cáles son os seus hábitos, horarios e actividades cotiás e comprende os referidos por outros/as persoas.	50	X	X	X	X	X	X	CCL CD CAA CCEC	EOE TIC ECC E

2ª Avaliación	UNIDADE DIDÁCTICA	Identificación do estandar (*)	Estándares de aprendizaxe (*)	Mínimo	Instrumentos de avaliación						Competencias clave	Elementos transversais
					Proba escrita	Proba oral	Traballo indiv.	Traballo gru.	Caderno	Observ. Clase		
	3	SLEB1.3 SLEB1.4	⇒ Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais breves procedentes de medios audiovisuais ou de internet, relacionados coa	100		X	X	X			CCL CAA	TIC E

			descrición física dunha persoa. ⇒ Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa (inicialmente coa profesora), que traten sobre o conxunto de actividades que forman parte da súa axenda diaria.							X	CCEC CD	
		SLEB2.1 SLEB2.2 SLEB2.3 SLEB2.4 SLEB2.5	⇒ Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. ⇒ Responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a, tanto do seu aspecto físico como do seu carácter. ⇒ Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións relacionadas cos estados de ánimo. ⇒ Participa en conversas informais breves e moi básicas, como pedir ou ofrecer algo na clase sen nomealo directamente (definíndoo, dando pistas...). ⇒ Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a (como é, como se sente nese momento, qué lle gustaría cambiar do seu carácter...).	100		X	X	X		X	CSIEE CCL CAA CCEC CD	ECC EO E
		SLEB3.3 SLEB3.4	⇒ Comprende información básica e moi sinxela na que se fala sobre sentimentos, preferencias e afeccións, moi cotiáns e propios da súa idade. ⇒ Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e se for preciso con apoio visual, sobre as actividades escolares e de lecer, acordes coa súa idade e coa súa experiencia, especialmente aquelas relacionadas coa diversidade de tradicións na Lusofonía.	100	X		X		X	X	CCL CAA CCEC CD	CL TIC
		B5.1 B5.2 B5.3 B5.4	- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: recoñecento dos tonemas do portugués no conxunto da Lusofonía. - Patróns gráficos e convencións ortográficas: a ortografía da palabra: repaso xeral. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: as relacións interpersoais (familiares, de amizade, escolares...) e o seu reflexo lingüístico nos países lusófonos.			X

		B5.5 B5.6 B5.7	- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Plurilingüismo: participación en proxectos plurilingües relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. - Funcións comunicativas: expresión do interese, do aprecio, da aprobación, da satisfacción e da sorpresa, así como dos seus contrarios. - Léxico oral e escrito relativo á educación, o estudo e as tecnoloxías da información de da comunicación. - Contidos sintáctico-discursivos: a expresión de relacións lóxicas: adición (*não só...como também; não só... também); disxunción (ou, ou...ou); oposición /concesión (mas, mesmo assim;... embora*); causa (*por causa disso; daí que*); finalidade (*para + Inf.; para que); comparación (mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto*; superlativo relativo (p. ex., *o rapaz mais distraído da turma*); resultado (*assim, portanto*); condición (*se, sem*); discurso indirecto (*informacións, ofrecementos, suxestións e ordes)*.			

4.3.2 Concreción dos estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación en relación coas competencias clave

	UNIDADE DIDÁCTICA	Identificación do estandar (*)	Estándares de aprendizaxe (*)	Grao de consecución	Instrumentos de avaliación						Competencias clave	Elementos transversais
					Proba escrita	Proba oral	Traballo indiv.	Traballo gru.	Caderno	Observ. Clase		
1ª Avaliación	0	SLEB1.1 SLEB1.2 SLEB1.3 SLEB1.6	⇒ Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, anticipando respostas e inferindo o que non se comprende por medio dos propios coñecementos e da súa experiencia noutras linguas. ⇒ Capta a información principal de mensaxes breves emitidas por audio e/ou vídeo, principalmente presentacións e saúdos. ⇒ Nunha conversa, comprende preguntas ou comentarios sinxelos que teñen que ver co inicio da comunicación (saúdos, preguntas de cortesía...). ⇒ Identifica a información esencial de programas de televisión ou similares cando as imaxes portan gran parte da mensaxe, especialmente nos casos en que se presentan persoas e se fan saúdos de inicio.	100		X	X			X	CCL CAA CSC CCEC CD	E ECC TIC
		SLEB2.1 SLEB2.2	⇒ Fai presentacións breves e estruturadas sobre si mesmo, adaptándoas ós/ás interlocutores/as. ⇒ Participa en conversas sinxelas nas que dúas persoas se presentan e dan algúns datos básicos sobre si mesmas.	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	EO
		SLEB3.1 SLEB3.2 SLEB3.3	⇒ Capta o sentido de textos breves, en calquera soporte, se a información paralingüística (imaxes, disposición visual, títulos...) ten un peso importante na mensaxe. ⇒ Identifica, con apoio en imaxes, instrucións sinxelas sobre como saudar nas distintas comunidades lusófonas.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	CL E

			⇒ Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se presentan e se describen persoas.									
		SLEB4.1 SLEB4.2 SLEB4.3	⇒ Escribe correspondencia persoal breve coa que inicia (presentándose) e mantén contacto social. ⇒ Completa cuestionarios sinxelos sobre si mesmo (datos persoais, formación, afeccións...). ⇒ Escribe, respectando as normas básicas de cortesía, notas e mensaxes en diferentes soportes sobre si mesmo (características definitorias básicas).	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	CL EE ECC
		SLEB5.1	⇒ Distingue e pronuncia correctamente as vogais abertas e pechadas. ⇒ Usa axeitadamente os signos de puntuación ó escribir un texto. ⇒ Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ⇒ Saúda, adaptándose ó interlocutor e ó contexto, e recoñece as distintas formas de saudar da xeografía lusófona. ⇒ Preséntase e identifícase a si mesmo coas fórmulas e o léxicos precisos. ⇒ Afirma ou nega, coas expresións adecuadas, os requirimentos dun interlocutor (a profe, un/ha alumno/a...).	50	X	X	X	X	X	X	CCL CD CAA CCEC	CL EOE ECC E
	1	SLEB1.1 SLEB1.2	⇒ Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, anticipando respostas e inferindo o que non se comprende por medio dos propios coñecementos e da súa experiencia noutras linguas. ⇒ Nunha conversa, comprende preguntas ou comentarios sinxelos sobre os seus horarios e hábitos cotiáns e reelabora o dito se se lle solicita.	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	E
		SLEB2.1 SLEB2.2	⇒ Fai presentacións breves e estruturadas sobre o seu horario e actividadades diarias, tanto as persoais como as relacionadas cos estudos. ⇒ Participa en conversas sinxelas nas que se describen as calidades físicas e/ou os trazos do carácter das persoas.	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	ECC EO E
		SLEB3.3 SLEB3.5	⇒ Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo, se describen obxectos, persoas, lugares, actividades...; na que se narran feitos ou na que se expresan opinións ou sentimentos. ⇒ Comprende información esencial, consultada en páxinas web e outros soportes, sobre os horarios, hábitos e costumes dos distintos países que conforman a Lusofonía.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	CL E
		SLEB4.3	⇒ Escribe, respectando as normas básicas de cortesía, notas e mensaxes en diferentes soportes (comentarios, indicacións...), sobre situacións frecuentes na vida cotiá.	100	X		X				CCL CAA CSC	CL EE E

									X	X	CCEC CD	
		SLEB5.1	⇒ Distingue claramente tódolos sons consonánticos e recoñece as súas agrupacións. ⇒ Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ⇒ Recoñece as semellanzas e as diferenzas entre as maneiras de denominar os seus propios hábitos e horarios e os dos países lusófonos. ⇒ Describe oralmente e por escrito os trazos dunha persoa, tanto os do seu físico como os do seu carácter. ⇒ Sabe completar unha axenda persoal diaria na que aparecen reflectidas as súas actividades en función dun horario.	50	X	X	X	X	X	X	CCL CD CAA CCEC	CL EOE ECC E
	2	SLEB1.4 SLEB1.5 SLEB1.6	⇒ Entende a información relevante de diferentes xestións cotiás, como alugar unha vivenda e utilizar un medio de transporte. ⇒ Comprende, nunha conversa informal na que participa, a descrición dos obxectos ou dos lugares que se mencionan. ⇒ Identifica a información xestual e o seu significado en programas de televisión ou similares (cando as imaxes portan o peso da mensaxe).	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	E TIC
		SLEB2.1 SLEB2.3	⇒ Fai presentacións breves e estruturadas nas que se se describen obxectos e lugares e nos que se manifesta con claridade unha orientación espacial. ⇒ Desenvólvese oralmente, seguindo as normas de cortesía básicas, en xestións cotiás como alugar un servizo determinado ou empregar un transporte público.	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	EO ECC E
		SLEB3.1 SLEB3.2 SLEB3.3	⇒ Capta o sentido de textos xornalísticos breves de calquera punto da Lusofonía, , en calquera soporte, se a información paralingüística (imaxes, disposición visual, títulos...) ten un peso importante na mensaxe e deixa entrever significados culturais específicos dese país. ⇒ Identifica, con apoio en imaxes, instrucións sinxelas sobre actividade a desenvolver na que poidan requirir, se é o caso, unhas normas de seguridade básicas, como a utilización de diferentes medios de transporte. ⇒ Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se describen detalladamente obxectos e lugares.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	CL E TIC
		SLEB4.1 SLEB4.4	⇒ Escribe correspondencia persoal breve coa que dá indicacións sobre un lugar, a súa localización e as súas características. ⇒ Escribe correspondencia formal básica e breve, solicitando información sobre os horarios e tarifas dun medio de transporte, respectando sempre as normas de cortesía básicas deste tipo de documentos.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	CL EE E
		SLEB5.1	⇒ Identifica os contextos fonéticos en que unha consoante palataliza e as situacións en que non o fai		X	X	X	X			CCL	EOE

			por fonética sintáctica, e pronuncia correctamente os sons que corresponden en ámbolos dous casos. ⇒ Recoñece os diferentes acentos gráficos do portugués e pronuncia correctamente as palabras que os portan en consonancia coa abertura marcada por eles. ⇒ Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ⇒ Sabe describir os trazos máis destacados dun obxecto ou dun lugar. ⇒ Sabe pedir e dar indicacións, oralmente ou por escrito, sobre como orientarse nunha cidade botando man dos medios de transporte. ⇒ Coñece o léxico oral e escrito básico relativo á vivenda.	50					X	X	CD CAA CCEC	ECC E

	UNIDADE DIDÁCTICA	Identificación do estandar (*)	Estándares de aprendizaxe (*)	Mínimo	Instrumentos de avaliación						Competencias clave	Elementos transversais
					Proba escrita	Proba oral	Traballo indiv.	Traballo gru.	Caderno	Observ. Clase		
2ª Avaliación	3	SLEB1.1 SLEB1.2 SLEB1.5 SLEB1.6	⇒ Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, anticipando respostas e inferindo o que non se comprende por medio dos propios coñecementos e da súa experiencia noutras linguas. ⇒ Capta a información principal de mensaxes breves emitidas por canles pouco habituais (publicidade de axencias de viaxes, eventos deportivos, espectáculos, etc.) escoitada pola radio ou por internet. ⇒ Comprende a narración de feitos acaecidos, reais (noticia) ou imaxinarios (literarios). ⇒ Identifica a información esencial de programas de televisión centrados na descrición física (paisaxe, clima...) e cultural (celebracións, tradicións...) dun determinado lugar da Lusofonía.	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	TIC E
		SLEB2.1 SLEB2.2 SLEB2.3	⇒ Fai presentacións breves e estruturadas sobre como organiza temporalmente o seu tempo libre e sobre como organizaría as súas vacacións ideais. ⇒ Participa en conversas sinxelas nas que intercambia información sobre propostas de lecer propias da súa idade. ⇒ Desenvólvese oralmente, seguindo as normas de cortesía básicas, en xestións cotiás relacionadas coas viaxes e co lecer.	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	EO E ECC
		SLEB3.1 SLEB3.2 SLEB3.3 SLEB3.5	⇒ Capta o sentido de textos publicitarios sobre un determinado lugar se a información paralingüística (imaxes, disposición visual, títulos...) ten un peso importante na mensaxe. ⇒ Identifica, con apoio en imaxes, instrucións sinxelas sobre o funcionamento dun servizo de lecer. ⇒ Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se describen algunhas das celebracións propias das distintas comunidades	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	CL TIC

			lusófonas. ⇒ Comprende información esencial, consultada en páxinas web e outros soportes, sobre as tradicións dos países lusófonos.									
		SLEB4.1 SLEB4.3 SLEB4.4	⇒ Escribe correspondencia persoal breve coa que acepta ou rexeita ofrecementos publicitarios relacionados coas *férias* e coas actividades que se adoitan desenvolver nese período (deportivas, de lecer...). ⇒ Escribe, respectando as normas básicas de cortesía, notas e mensaxes en diferentes soportes centradas na distribución temporal dunha actividade cotiá (escolar, persoal, deportiva...). ⇒ Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a unha oficina de turismo, solicitando información sobre unha estancia nalgún lugar da xeografía lusófona, respectando sempre as normas de cortesía básicas deste tipo de documentos.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	CL EE ECC
		SLEB5.1	⇒ Recoñece os fonemas nasais na lingua oral e pronúnciaos correctamente. ⇒ Sabe acentuar, cando menos, as palabras agudas e os monosílabos que o precisan. ⇒ Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ⇒ Identifica as semellanzas e as diferenzas lingüísticas entre o portugués e as linguas que coñece no tocante á denominación das celebracións e tradicións propias e as dos países lusófonos. ⇒ Sabe describir, oralmente e por escrito, unha actividade de lecer propia da súa idade. ⇒ Coñece o léxico esencial das actividades deportivas, das vacacións e do lecer. ⇒ Manexa con soltura as locucións temporais no relato das súas actividades cotiás ou extraordinarias (vacacións...).	50	X	X	X	X	X	X	CCL CD CAA CCEC	EOE CL ECC E
	4	SLEB1.1 SLEB1.3 SLEB1.4 SLEB1.6	⇒ Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, anticipando respostas e inferindo o que non se comprende por medio dos propios coñecementos e da súa experiencia noutras linguas. ⇒ Nunha conversa, comprende unha petición de indicacións con distintos tipos de preguntas sinxelas (fórmulas de interrogación). ⇒ Entende a información relevante de diferentes xestións cotiás (facer unha compra, comer nun restaurante...). ⇒ Identifica a información esencial de programas de televisión centrados na alimentación ou na gastronomía cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	E TIC
		SLEB2.1 SLEB2.2 SLEB2.3	⇒ Fai presentacións breves e estruturadas sobre a súa alimentación habitual. ⇒ Participa en conversas sinxelas nas que pide e/ou ofrece indicacións (sobre a comida dun restaurante, por exemplo) e nas que expresa a súa opinión (sobre unha preparación culinaria...). ⇒ Desenvólvese oralmente, seguindo as normas de cortesía básicas, en actividades cotiás como a compra de alimentos.	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	EO ECC E

		SLEB3.1 SLEB3.2 SLEB3.3 SLEB3.5	⇒ Capta o sentido de textos instrutivos (receitas de cociña), se a información paralingüística (imaxes, disposición visual, títulos...) ten un peso importante na mensaxe. ⇒ Identifica, con apoio en imaxes, instrucións sinxelas sobre unha preparación culinaria. ⇒ Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se expresan opinións sobre un produto de alimentación ou un prato típico dos países lusófonos. ⇒ Comprende información esencial en temas relacionados coa alimentación consultados en páxinas web e outros soportes.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	CL TIC E
		SLEB4.2 SLEB4.3 SLEB4.4	⇒ Completa cuestionarios sinxelos sobre os seus hábitos e preferencias no relativo á alimentación. ⇒ Escribe o menú completo dun día botando man do léxico aprendido. ⇒ Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a un restaurante, solicitando información sobre a súa oferta gastronómica.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	EE CL ECC
		SLEB5.1	⇒ Acentúa correctamente as palabras graves e esdrúxulas. ⇒ Identifica determinados alimentos ou preparacións culinarias cos seus respectivos países ou territorios dentro da Lusofonía. ⇒ Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ⇒ Identifica as diferenzas e as semellanzas entre o portugués e as linguas que coñece no tocante á denominación dos alimentos e das comidas. Identificación de "falsos amigos" galego-portugués-castelán. ⇒ Expresa a despedida de diversos modos, oralmente e por escrito. ⇒ Coñece e manexa o léxico básico correspondente á alimentación, ás compras e á gastronomía. ⇒ Relata feitos, reais ou ficticios, acontecidos no pasado, usando tempos diferentes e respectando a súa *consecutio temporum*.	50	X	X	X	X	X	X	CCL CD CAA CCEC	CL EOE TIC ECC E
	5	SLEB1.1 SLEB1.2 SLEB1.3 SLEB1.6	⇒ Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, anticipando respostas e inferindo o que non se comprende por medio dos propios coñecementos e da súa experiencia noutras linguas. ⇒ Capta a información principal de mensaxes breves, emitidas por canles pouco habituais (megafonía, teléfono...), nas que se realicen indicacións de acceso ou negación do mesmo a un recinto (prohicións, normas de uso dunha instalación, requisitos para a realización dunha actividade...). ⇒ Nunha conversa, comprende preguntas ou comentarios sinxelos sobre as súas preferencias e reelabora o dito se se lle solicita. ⇒ Identifica a información esencial de programas de televisión dedicados a lugares destacados da xeografía	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	TIC E

			lusófona e comprende en liñas xerais un parte meteorolóxico.									
		SLEB2.1 SLEB2.2	⇒ Fai presentacións breves e estruturadas sobre síntomas dunha doenza leve. ⇒ Participa en conversas sinxelas nas que intercambia información sobre hábitos saudables e expresa a súa vontade ou a intención de coidar o propio corpo.	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	EO E
		SLEB3.1 SLEB3.2 SLEB3.4 SLEB3.5	⇒ Capta o sentido de textos informativos, en calquera soporte, sobre lugares representativos dos países lusófonos, se a información paralingüística (imaxes, disposición visual, títulos...) ten un peso importante na mensaxe. ⇒ Identifica, con apoio en imaxes, instrucións sinxelas sobre a administración dun medicamento ou dun tratamento de saúde. ⇒ Entende o esencial de correspondencia formal na que se tratan asuntos relacionados coa saúde (pedir unha cita médica, describindo os síntomas polos que a precisa...). ⇒ Comprende información esencial en temas relacionados coa saúde consultados en páxinas web e outros soportes.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	CL TIC E
		SLEB4.2 SLEB4.3	⇒ Completa cuestionarios sinxelos sobre os propios hábitos e sobre o coidado da saúde. ⇒ Escribe, respectando as normas básicas de cortesía, notas e mensaxes en diferentes soportes facendo recomendacións sobre unha vida máis saudable.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	CL EE ECC
		SLEB5.1	⇒ Distingue e pronuncia correctamente as vogais abertas e pechadas e distingue esa abertura na escrita cos acentos pertinentes. ⇒ Participa no proxecto plurilingüe *EU QUERO...*(exposición de fotografías seleccionadas para ilustrar o tema), sobre as distintas maneiras de expresar a preferencia, a vontade e o afecto tanto nos países lusófonos como nas linguas que o alumnado coñece. Nesta unidade didáctica o traballa será de recompilación lingüística (coa axuda do profesorado das distintas linguas que se estudan no centro) e de procura de imaxes idóneas. ⇒ Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ⇒ Coñece e usa correctamente o léxico oral e escrito relativo á saúde e os coidados físicos elementais, así como o relacionado co tempo meteorolóxico e a súa incidencia na saúde. ⇒ Distingue, oralmente e por escrito, os matices aspectuais dunha acción (se rematou ou aínda dura; se está comezando ou non chegou a facelo...). ⇒ Emprega correctamente as perífrases verbais obrigativas (*ter de...*) e usa fórmulas de cortesía relacionadas coa posibilidade (*É possivel...*+pres. conj.).	50	X	X	X	X	X	X	CCL CD CAA CCEC	CL EOE TIC ECC E

	UNIDADE DIDÁCTICA	Identificación do estandar (*)	Estándares de aprendizaxe (*)	Mínimo	Instrumentos de avaliación						Competencias clave	Elementos transversais
					Proba escrita	Proba oral	Traballo indiv.	Traballo gru.	Caderno	Observ. Clase		
3ª Avaliación	6	SLEB1.1 SLEB1.2 SLEB1.3 SLEB1.4 SLEB1.5 SLEB1.6	⇒ Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, anticipando respostas e inferindo o que non se comprende por medio dos propios coñecementos e da súa experiencia noutras linguas. ⇒ Capta a información principal de mensaxes breves, escoitadas en audio, nas que se poden apreciar os difrerentes tonemas da Lusofonía. ⇒ Nunha conversa, comprende preguntas ou comentarios sinxelos sobre as súas relacións interpersoais (familia, amigos, comunidade escolar...). ⇒ Entende a información relevante de actividades cotiás, como facer uso das novas tecnoloxías (seguir as pautas da professora no uso do ordenador). ⇒ Comprende, nunha conversa informal na que participa, posturas como a aceptación ou o rechazo ante unha determinada proposición. ⇒ Identifica a información esencial de programas de televisión ou similares cando as imaxes portan gran parte da mensaxe (publicidade).	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	E TIC
		SLEB2.1 SLEB2.2 SLEB2.3 SLEB2.4	⇒ Fai presentacións breves e estruturadas sobre os seus gustos e preferencias persoais. ⇒ Participa en conversas sinxelas nas que intercambia información, expresa opinións sinxelas ou discute, usando perífrases de posibilidade, obrigativas, etc., sobre os pasos a seguir na actividade grupal do proxecto *EU QUERO...* ⇒ Desenvólvese oralmente, seguindo as normas de cortesía básicas, en xestións cotiás como preguntar por unha exposición nun museu, polos contidos dunha nova materia académica... ⇒ Desenvólvese o suficiente nun debate na aula sobre a a educación, expresando a súa opinión ou reaccionando verbalmente ante as dos seus interlocutores/as (o resto do alumnado).	100		X	X	X		X	CCL CAA CSC CCEC CD	EO ECC E
		SLEB3.1 SLEB3.2 SLEB3.3 SLEB3.4 SLEB3.5	⇒ Capta o sentido de textos xornalísticos breves, nomeadamente os publicitarios e os de opinión, nos que se exprese aprobación, rexeitamento ou preferencia por un determinado tema. ⇒ Identifica, con apoio en imaxes, instrucións sinxelas sobre o funcionamento e as utilidades prácticas para a aprendizaxe dun teléfono móbil. ⇒ Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala das relacións interpersoais e das súas diferenzas no conxunto dos países lusófonos. ⇒ Entende o esencial de correspondencia formal na que se tratan asuntos relacionados coa vida escolar (tramitar unha bolsa, un curso...). ⇒ Comprende información esencial en temas relacionados coas novas tecnoloxías consultados en páxinas web e noutros soportes.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	CL E TIC

		SLEB4.1 SLEB4.2	⇒ Escribe correspondencia persoal breve coa que inicia e mantén contacto, vía e-mail, con estudantes portugueses da súa idade. ⇒ Completa cuestionarios sinxelos sobre si mesmo nos que reflicte con claridade -completándoos con notas, se for preciso-, os seus gustos, preferencias e opinións sobre temas xerais.	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD	CL EE E TIC
		SLEB5.1	⇒ Recoñece, oíndoos, os diferentes tonemas da Lusofonía e asóciaos ós seus respectivos territorios. ⇒ Redacta textos correctos desde o punto de vista ortográfico e/ou corrixe espontaneamente os erros deste tipo nas actividades escritas da clase. ⇒ Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ⇒ Participa no proxecto plurilingüe *EU QUERO...*(exposición de fotografías seleccionadas para ilustrar o tema), sobre as distintas maneiras de expresar a preferencia, a vontade e o afecto tanto nos países lusófonos como nas linguas que o alumnado coñece. Nesta unidade didáctica completaranse as pescudas lingüísticas do *EU QUERO*... con temas universais (a solidariedade, o amor polos demais...) e montarase finalmente a exposición en paneis para compartila co resto da comunidade educativa. ⇒ Nunha conversación con outro alumno/a, acepta unha proposición, rexéitaa, pon obstáculos, mostra reticencias, dúbidas..., botando man sempre das expresións estudadas na aula nesta unidade e no resto do curso (secuencias de (re)afirmación, concesivas, disxuntivas, negativas, categóricas...).	50	X	X	X	X	X	X	CCL CD CAA CCEC	CL EOE ECC TIC E

4.3.3 Relación de mínimos esixibles para a superación da materia en 4º de ESO

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Mínimos esixibles
Segunda Lingua Estranxeira Portugués 4º de ESO	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais	SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro de estudos), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais,	CCL CAA CSC CCEC CD	- Demostrar constancia no esforzo por comprender o que non se coñece, adiantándose ó que segue (palabra, frase, idea...) e recorrendo ás linguas que se dominan para concluír a anticipación da mensaxe final. - Entender a información máis importante de textos orais breves emitidos a través de distintos soportes (gravacións, teléfono...). - Comprender nunha entrevista formal o que se pregunta sobre datos persoais, intereses (académicos ou persoais), preferencias... - Entender o que se lle di en transaccións cotiáns, como utilizar o transporte, facer uso de instalacións deportivas ou de lecer...

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Mínimos esixibles
	ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade. B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descricións, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.	intereses, preferencias e gustos persoais e académicos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos), sempre que se fale amodo e con claridade. SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.		- Comprender nunha conversa informal, o esencial dunha opinión ou da descrición que fai o interlocutor dalgún asunto da vida práctica (onde comer en Melide e por qué, por exemplo). - Captar a información máis importante de programas de televisión, apoiados en grande medida na imaxe, como as noticias ou carentes dela se o tema é próximo en canto a intereses ou contacto persoal (un debate sobre educación, por exemplo).
Segunda Lingua Estranxeira Portugués 4º de ESO	B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira	SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta,	CCL CAA CSC CCEC CD	- Facer presentacións estruturadas sobre temas de interese persoal e responder as preguntas que o resto da clase lle formula. - Participar habitualmente en conversas informais, intercambiando información e expresando as opinións propias, así como dando indicacións ou ofrecéndollas ó seu interlocutor. - Discutir con outros interlocutores ata lograr unha posta en común sobre o desenvolvemento dunha determinada actuación (como montar unha escena teatral, por exemplo). - Desenvolverse con soltura,

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Mínimos esixibles
	lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos. B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela. B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.	facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.		seguindo as normas de cortesía pertinentes, en xestións orais da vida cotiá: preguntar por horarios dun medio de transporte; pedir indicacións e suxestións para viaxar a un determinado lugar; comprar unha entrada para unha actividade de lecer... - Intervir nunha conversa formal achegando oralmente datos sobre si mesmo/a e emitindo opinións breves e sinxelas sobre temas xerais que se lle propoñen, ou responder a comentarios dados argumentado unha visión diferente do asunto que se está a tratar.
Segunda Lingua Estranxeira Portugués 4º de ESO	B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio	SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe. SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas. SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se	CCL CAA CSC CCEC CD	- Entender unha noticia dun medio de comunicación cando esta vai acompañada de datos significativos a simple vista ou apoiada en imaxes. - Seguir, co apoio de imaxes, as instrucións de funcionamento de aparellos de uso cotián (un forno eléctrico). - Comprender textos nos que se describe unha paisaxe, un obxecto que non está á vista ou unha persoa. - Ser quen de percibir os sentimentos que se reflicten nun texto literario en primeira persoa. - Entender a información máis relevante de textos formais relacionados cos propios

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Mínimos esixibles
	visual. B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar. B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.	expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas). SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.		intereses (unha estadía de estudos nalgún país lusófono, un curso de formación, unha actividade cultural...). - Captar información específica en páxinas web ou noutros materiais sobre asuntos propios da súa idade (como estudan os adolescentes na Lusofonía, por exemplo).
Segunda Lingua Estranxeira Portugués 4º de ESO	B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente. B.4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación. B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese. B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adecuado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes. SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de	CCL CAA CSC CCEC CD	- Escribir correspondencia persoal con persoas de países lusófonos cos que intercambia información sobre as respectivas comunidades. - Argumentar unha opinión baseándose nas propias preferencias (tema-exemplo: *aldea/vila/cidade: onde é mellor vivir*). - Completar unha ficha de susbcrición a unha publicación ou a unha actividade deportiva ou de lecer. - Redactar, respectando a cortesía básica, notas ou mensaxes breves a modo de avisos ou recomendacións sobre a época do ano na que se está vivindo (recomendacións gastronómicas, eventos culturais; celebracións tradicionais...). - Escribir unha carta, en calquera soporte, ó concello da vila solicitando información sobre a actividade cultural prevista para o ano 2017.

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Mínimos esixibles
	B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.	cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.		
Segunda Lingua Estranxeira Portugués 4º de ESO	B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez. B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro educativo, nas institucións, etc.), e convencións sociais	SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.	CCL CD CAA CCEC	- Pronunciar con nitidez tódolos sons do portugués, identificándoos coas súas posibles grafías e dominar os cambios producidos neles por fonética sintáctica, como evitar, á hora de ler, a palatalización do ese ante unha palabra que empeza por vogal. - Usar correctamente, na lingua oral e na escrita, as fórmulas de cortesía e de tratamento, tanto nas actividades diarias da aula coma nas posibles acitvidades extraescolares (visita a Portugal). - Anticipar hipóteses sobre significados recorrendo ó coñecemento de linguas do seu dominio afíns ó portugués (galego, castelán e francés). - Participar nos proxectos plurilingües do centro de carácter transversal (neste curso,*alimentación saudable e convivencia con outras culturas*). - Intervir fluidamente e de forma habitual en diálogos nos que se interactúe co resto do alumnado da clase: pedir un obxecto e agradecer que se lle deixe; desculparse, dar unha información ó grupo, solicitar axuda, preguntar por un problema, celebrar algo conxuntamente...

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Mínimos esixibles
	(costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos. B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.			

5 BACHARELATO 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

5.1 Obxectivos no Bacharelato

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de

Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras, nomeadamente na lingua portuguesa.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

5.2 Portugués 2ª LE ~ 2º BACHARELATO

5.2.1 Contidos, secuenciación e temporalización

	UNIDADE DIDÁCTICA	Identificación do contido (*)	Contido (*)	Temporalización: Mes	Temporalización: Número de sesións	Probas avaliación
1ª Avaliación	1	B1.1 B1.2 B1.3	Estratexias de comprensión de mensaxes orais: - Mobilización de información previa. - Formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). - Tolerancia da comprensión parcial nunha situación comunicativa (comprender textos orais sen chegar a entender todos os seus elementos). - Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando a repetición do dito.	Set. Out.	9	
		B2.1 B2.2 B2.3	Estratexias de produción: - Activación de coñecementos previos a partir de modelos e de elementos lingüísticos asimilados. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (emprego de sinónimos; recurso á definición; uso do galego como referente, petición de axuda...). - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos (sinalar obxectos e usar deícticos; usar a linguaxe corporal: acenos expresións faciais, posturas...; uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.)... - Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. - Práctica de rutinas comúns de interacción segundo o tipo de situación comunicativa.			
		B3.1	Estratexias de comprensión: - Mobilización de información previa a partir de información superficial (imaxes, organización da páxina, títulos...). - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais e a partir do coñecemento e as experiencias noutras linguas.			
		SLEB4.2 SLEB4.4 SLEB4.5	⇒ Completa os datos dun cuestionario no que se reflicten os seus hábitos en canto á saúde. ⇒ Escribe, respectando as normas de cortesía, correspondencia formal dirixida a un centro sanitario co fin de solicitar información sobre os tratamentos médicos que nel se realizan. ⇒ Redacta un texto expositivo, utilizando os tempos verbais requiridos, sobre os cambios que se produciron na sociedade en canto ó consumo de tabaco (desde épocas pasadas ata o presente, mesmo incluíndo algunha hipótese sobre o futuro deste hábito nocivo para a saúde).	100	X		X		X	X	CCL CAA CSC CCEC CD CCSC	CL EE E TIC
		SLEB5.1	⇒ Redacta textos coidados desde o punto de vista ortográfico. ⇒ Mostra unha actitude respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades que falan unha lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ⇒ Participa na elaboración e/ou interpretación dunha escena teatral na que falantes de galego, castelán e portugués intercambian información sobre os diferentes costumes cotiáns das comunidade nas que se fala algunha das tres linguas. ⇒ Inicia e mantén un discurso coherente, oral e escrito, respectando a estrutura e organización que lle son propias. ⇒ Coñece e utiliza correctamente o léxico e as expresións fixas relacionadas coa saúde. ⇒ Manexa con soltura os tempos de pasado, presente e futuro. ⇒ Expresa a condición cos conectores e as formas verbais, de indicativo ou *conjuntivo*, que se precisan.	50	X	X	X	X	X	X	CCL CAA CCEC	CL EOE ECC TIC E

5.2.3 Relación de mínimos esixibles para a superación da materia en 2º de BAC (2ª Lingua)

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.clave	Mínimos esixibles
Segunda Lingua Estranxeira II Portugués 2º de bacharelato	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito. B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa	SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación. SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades académicas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros educativos), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles. SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito. SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha	CCL CAA CSC CCEC CD	- Perseverar no proceso de comprensión do que se aprende, anticipando respostas e inferindo o que non se coñece coa axuda de experiencias noutras linguas afíns que son do seu dominio (galego, castelán e francés). - Entender, nunha entrevista formal, preguntas sobre a formación previa, os datos persoais, proxectos académicos de cara ó futuro, preferencias en xeral... - Captar, solicitando repetición se é necesario, instrucións ou indicacións dadas de viva voz ou escoitadas en gravacións. - Comprender sen dificultade as interlocucións propias das xestións da vida cotiá: orientarse con indicacións orais, informarse sobre un produto e as súas características nunha tenda; interacturar nun restaurante no que se lle fan suxestións sobre especialidades ou algunha preparación e usar, con información previa, distintos medios de transporte. - Distinguir a información máis relevante de situacións inusuais, como un aviso de alerta por inclemencias do tempo... - Captar, nunha conversa informal, diferentes puntos de vista sobre temas susceptibles de ser debatidos. - Percibir, coas repeticións oportunas, a información esencial en interlocucións nas que se describen sentimentos ou aspectos abstractos de temas como a literatura, o cinema, a música ou actualidade. - Identificar a información máis relevante de presentacións ben estruturadas (teñan ou non apoio visual) cando se están a tratar temas relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, sempre que se utilice a variante estándar da lingua (documentais, filmes, series de televisión, vídeos divulgativos e publicidade).

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.clave	Mínimos esixibles
	interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. B1.5. Comprender o sentido xeral e información esencial en presentacións ben estruturadas sobre temas coñecidos e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios e películas, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.	variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.		
Segunda Lingua Estranxeira II Portugués 2º de bacharelato	B2.1. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas. B2.2. Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo abstractos, como películas, música, libros, etc. B2.3. Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación cotiás e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión básica dos sentimentos e os	SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender. SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas académicos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de	CCL CAA CSC CCEC CD	- Participar activamente nas clases usando o portugués a maioría das veces e esforzándose de maneira constante por entender e por facerse entender. - Facer periodicamente (unha vez ó mes, cando menos), presentacións sobre algún aspecto de temas relacionados co académico ou co ocupacional, con ensaio previo e apoio de imaxes se for preciso. A exposición deberá ser coherente e argumentada. Así mesmo, deberá saber responder con soltura a preguntas que se lle formulen ó remate da mesma e ser quen de ampliar algúns dos contidos expostos. - Intervir en conversas informais nas que é quen de intercambiar información, expresar opinións fundamentadas e coherentes, relatar algo pasado, manifestar proxectos ou desexos de futuro, pedir e dar indicacións precisas, facer unha suxestión, expresar sentimentos e describir detalles concretos ou abstractos de temas como o cine, a a música, a actualidade, a literatura... - Desenvolverse con soltura, utilizando recursos lingüísticos eficaces e unha linguaxe cinésica apropiada, así como as fórmulas de cortesía propias da lingua portuguesa, en situacións susceptibles de producirse durante unha viaxe ou unha estadía noutro país: escoller comida; comprar algo en diferentes establecementos; procurar axuda coas autoridades; buscar e recibir atención

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.clave	Mínimos esixibles
	intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa. B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación. B2.5. Participar en situacións de comunicación formais que impliquen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora, e sendo quen de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente os motivos de accións e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz.	carácter académico ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.		médica; informarse sobre actividades culturais, deportivas ou de lecer do lugar onde se encontra... - Participar en conversas ou entrevistas formais de carácter académico (ou ocupacional), intercambiando información relativa a estes temas, pedindo indicacións e/ou solución a problemas concretos, ou ben expresando coherentemente accións e puntos de vista propios e expoñendo os seus plans de futuro.
Segunda Lingua Estranxeira II Portugués 2º de bacharelato	B3.1. Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas. B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo. B3.3. Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas. B3.4. Comprender en textos formais un	SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as secciónsdifíciles. SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, académico ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.). SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural). SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.	CCL CAA CSC CCEC CD	- Localizar con facilidade información específica en textos xornalísticos e identificar as conclusións principais dun texto argumentativo. - Comprender o sentido xeral de anuncios formais, relacionados co mundo académico ou ocupacional ou co seu interese persoal, emitidos por institucións ou organismos públicos. - Entender a información máis importante de textos instrutivos nos que se dá información de forma detallada (funcións xerais dun ordenador persoal, por exemplo). - Identificar con claridade os elementos dun texto narrativo: o argumento, a caracterización dos personaxes e as súas relacións, o espazo onde se desenvolve a historia e o/s tempo/s en que esta transcorre. - Comprender correspondencia persoal (e-mails, blogues e foros ...) na que, de forma detallada, descríbense sentimentos, relátanse experiencias e danse opinións sobre temas de

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.clave	Mínimos esixibles
	repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo. B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.	SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro). SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias académicas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.		carácter xeral ou do seu interese persoal. - Entender correspondencia formal (carta escrita e-mails...) procedente dunha institución ou organismo oficial (por exemplo, os trámites relacionados con estadías formativas noutro país). - Comprender, con apoio visual (fotos, vídeos, mapas...) información específica en materiais de consulta, baixo calquera tipo de soporte (páxinas web, revistas, enciclopedias),
Segunda Lingua Estranxeira II Portugués 2º de bacharelato	B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicaras estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir. B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación. B4.3. Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate. B4.4. Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa. SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes socias. SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.	CCL CD CSC CAA CCEC	- Escribir correspondencia persoal coa que poder expresar sentimentos, relatar experiencias, intercambiar ideas sobre temas concretos (*as relacións interpersoais*) e emitir opinións fundamentadas sobre temas relacionados co seu interese persoal. - Completar os datos (persoais e académicos) dun cuestionario oficial con fins específicos (inscribirse nun curso no estranxeiro, solicitar unha bolsa de estadía...). - Redactar, coas fórmulas de cortesía que correspondan, notas e comentarios breves de toda índole cos que dá e pide información ou expresa opinións nun foro (redes sociais). - Saber redactar, segundo a estrutura propia deste tipo de documentos, unha carta formal a unha institución ou empresa privada á que se lle solicita un determinado servizo ou produto. Exemplo: pedir información detallada ó concello sobre a programación cultural do ano en curso. - Realizar por escrito un

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.clave	Mínimos esixibles
	a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada. B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.	SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema académico, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.		informe expositivo sobre un tema ocupacional que inclúa a descrición detallada de obxectos e situacións (opcionalmente tamén de lugares e persoas) e respecte unha estrutura formal definida (título-corpo-síntese e, de ser o caso, referencias bibliográficas). A lingua empregada deberá presentar estruturas discursivas adecuadas no que á construción sintáctica se refire e un léxico especializado acorde co tema a desenvolver.
Segunda Lingua Estranxeira II Portugués 2º de bacharelato	B5.1. Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación. B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.	SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta. SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas	CCL CAA CCEC CSC	- Dominar, tanto na lectura como na fala, as características fonéticas do portugués (nasalización, palatalización, identificación de guturais e de sonoras..., incluídas as particularidades por fonética sintáctica) e utiliza con eficacia patróns de entoación que inciden na comprensión da mensaxe por parte do resto do alumando. - Utilizar axeitadamente, tanto na lingua oral como na escrita, as principiais convencións da lingua portuguesa: fórmulas de cortesía, de tratamento, frases feitas de uso contextual, acenos semiotizados..., respectando en todo momento os aspectos sociolingüísticos das mesmas e as diferenzas de índole cultural que poden ser reflectidas por elas. - Formular, nas actividades diarias de aula, hipóteses sobre significados apoiándose no coñecemento e experiencias noutras linguas afíns ó portugués (galego, castelán e francés).

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.clave	Mínimos esixibles
	B5.3. Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos. B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliala con exemplos ou resumila. B5.7. Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos	sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia.		- Participar en proxectos plurilingües claramente orientados a poñer de relevo a transversalidade e a convivencia (elaboración e/ou interpretación dunha escena teatral na que falantes de galego, castelán e portugués intercambian información sobre os diferentes costumes cotiáns das comunidade nas que se fala algunha das tres linguas). - Comprender e desenvolverse, co nivel lingüístico adecuado (léxico específico e construcións discursivas precisas) en situacións comunicativas que requiren unha interactuación inmediata na aula: pedir ou ofrecer un obxecto ou unha información puntual, solicitar e/ou agradecer a axuda, desculparse, organizar as tarefas dun traballo en grupo...

Materia	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.clave	Mínimos esixibles
	de uso frecuente.			

6 PORTUGUÉS LINGUA ESTRANXEIRA II (1ª LINGUA)

6.1 Introdución e contextualización

O alumnado que inicia continúa neste curso o estudo do ***Portugués Lingua Estranxeira*** no Bacharelato (I e II, se incluímos o alumnado que debe cursalas simultaneamente por ter solicitado o cambio de primeira lingua en 2º BAC) encóntrase, como pouco, cunha situación atípica, pois vai cursar unha primeira lingua estranxeria, o portugués, que é, sen dúbida ningunha, a menos estranxeira de tódalas linguas que podía estudar. A razón é obvia: falamos dunha lingua estranxeira en canto que é a oficial doutros países, malia que desde o punto de vista estritamente lingüístico, esteamos a referirnos a un sistema común ó noso durante séculos, e por tanto, máis obxecto de reaxuste e adaptación ca dunha aprendizaxe propiamente dita. Falamos de novo, en realidade, de peculiaridades fonéticas que, nalgúns casos, nin son alleas ó galego (o seseo, por exemplo); falamos tamén de estruturas discursivas un pouco máis complexas, sobre todo no referido ó reximе verbal, pero mesmo nese caso hai moitas concomitancias co galego. Falamos, sobre todo, de desvíos semánticos (léxico existente xa para o alumnado que posúe outro sentido ou significado en portugués). Fóra destas particularidades, os/as alumnas do IES de Melide van estudar unha lingua que en todo momento os remite á súa no estrutural. O traballo destes dous cursos que agora comezan é, pois, discernir claramente as dúas linguas, apoiándose en ámbalas dúas cando se precisar e adquirindo plena conciencia das súas diferenzas e funcionamento.

Desde o punto de vista estritamente lingüístico, ademais, cómpre destacar a enorme vantaxe que supón estudar simultaneamente varias linguas románicas: o alumnado asimílaas comparativa e conxuntamente (de forma inconsciente e/ou polo propio labor do profesorado) e adquire, transcorrido o tempo, unha maior competencia lingüística ca se este estudo fose único e por separado, mesmo se incrementa a súa capacidade para adquirir con máis facilidade linguas doutras familias (non latinas, como as xermánicas).

Con este punto de partida, a programación da materia de ***Portugués Lingua Estranxeira*** (1ª lingua) desenvolve os seguintes aspectos para 2º de BACHARELATO:

6.2 PORTUGUÉS LINGUA ESTRANXEIRA II (1ª LINGUA)

6.2.1 Contidos, secuenciación e temporalización

	UNIDADE DIDÁCTICA	Identificación do contido (*)	Contido (*)	Temporalización: Mes	Temporalización: Número de sesións	Probas avaliación
1ª Avaliación	1	B1.1	- Estratexias de comprensión de mensaxes orais: ✓ Mobilización de información previa. ✓ Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. ✓ Comprensión do significado a partir de elementos significativos.	Set. Out.	9	
		B2.1 B2.2	- Estratexias de produción (planificación): ✓ Activar a reserva de coñecementos previos sobre a interacción lingüística. - Estratexias de produción (execución): ✓ Rendibilizar ó máximo os coñecementos previos apoiando o discurso neles. ✓ Verificar, na interacción con outras persoas, a comprensión propia e a dos demais. ✓ Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (uso de sinónimos, parafraseo...) ou paralingüísticos (acenos, posturas, sinalar obxectos ou contactar visualmente; usar elementos prosódicos de axuda como a entoación...). ✓ Uso de modelos de interacción nos contextos formais e/ou informais máis habituais.			
		B3.1	- Estratexias de comprensión: ✓ Mobilización de coñecementos previos a partir de información superficial (organización da páxina...) e paratextual (imaxes...). ✓ Dedución de posibles significados a partir de elementos significativos, tanto lingüísticos como paratextuais.			
		B4.1	- Estratexias de produción (planificación): ✓ Mobilizar as propias competencias comunicativas para a realización eficaz da tarefa. ✓ Buscar e usar recursos lingüísticos e temáticos na produción textual. - Estratexias de produción (execución): ✓ Organizar en parágrafos conforme ás ideas principais do texto de xeito que se poida deducir con claridade o sentido global do mesmo. ✓ Apoiarse en coñecementos previos (locucións aprendidas...). - Estratexias de produción (revisión): ✓ Identificar problemas, erros e repeticións. ✓ Usar correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.			
		B5.1 B5.2 B5.3 B5.4 B5.5	- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons, fonemas e grafías do portugués. - Patróns gráficos e convencións ortográficas do enunciado: os signos de puntuación: *o ponto; a vírgula; o ponto e vírgula.* - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:			

		B5.6 B5.7	✓ Recoñecemento das normas de cortesía e rexistros e dos costumes, valores, crenzas e actitudes. ✓ Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Plurilingüismo: consciencia das habilidades metalingüísticas adquiridas durante as aprendizaxes lingüísticas e transferencia destes coñecementos/estratexias dunha lingua a outra para avanzar no seu dominio. - Funcións comunicativas: ✓ Descrición e apreciación das calidades físicas e/ou abstractas de obxectos, persoas, lugares ou accións, procedementos e procesos. ✓ Establecemento da comunicación e organización do discurso. ✓ Léxico oral e escrito, común e máis especializado relativo á descrición das persoas, dos obxectos e do espazo. ✓ Recoñecemento e uso de sinónimos, antónimos e de procedementos de formación de palabras (derivación e composición). - Contidos sintáctico-discursivos: ✓ Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; deslocación de constituíntes). ✓ Negación (sentenzas declarativas negativas con nem; não/nem... sequer; coisa nenhuma; apenas). ✓ Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección). ✓ Expresión da cantidade (*Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. bastante, a maior parte de, mais ou menos;* ao menos 20 pessoas; perto de 30 km., duas vezes no máximo; um monte de gente. *Grao: p. ex. consideravelmente; bastante bem*; totalmente; tão de repente).			
	2	B1.1	- Estratexias de comprensión de mensaxes orais: ✓ Mobilización de información previa. ✓ Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. ✓ Comprensión do significado a partir de elementos significativos. ✓ Distinción entre tipos de comprensión (global, detallada, esencial).	Out.	9	
		B2.1 B2.2	- Estratexias de produción (planificación): ✓ Activar a reserva de coñecementos previos sobre a interacción lingüística. ✓ Distinguir as ideas principais e a estrutura básica da mensaxe. - Estratexias de produción (execución): ✓ Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (uso de sinónimos, parafraseo...) ou paralingüísticos (acenos, posturas, sinalar obxectos ou contactar visualmente; usar elementos prosódicos de axuda como a entoación...). ✓ Rendibilizar ó máximo os coñecementos previos apoiando o discurso neles. ✓ Uso de modelos de interacción nos contextos formais e/ou informais máis habituais.			
		B3.1	Estratexias de comprensión: ✓ Mobilización de coñecementos previos a partir de información superficial (organización da páxina...) e paratextual (imaxes...). ✓ Dedución de posibles significados a partir de elementos significativos, tanto lingüísticos como paratextuais.			

			✓ Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.			
		B4.1	- Estratexias de produción (planificación): ✓ Mobilizar as propias competencias comunicativas para a realización eficaz da tarefa. ✓ Buscar e usar recursos lingüísticos e temáticos na produción textual. - Estratexias de produción (execución): ✓ Organizar en parágrafos conforme ás ideas principais do texto de xeito que se poida deducir con claridade o sentido global do mesmo. ✓ Apoiarse en coñecementos previos (locucións aprendidas...). - Estratexias de produción (revisión): ✓ Identificar problemas, erros e repeticións. ✓ Usar correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.			
		B5.1 B5.2 B5.3 B5.4 B5.5 B5.6 B5.7	- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: ✓ A abertura fonética das vogais e o seu reflexo na escrita (acentuación específica). ✓ Recoñecento da secuencia acentual das palabras: a sílaba tónica. - Patróns gráficos e convencións ortográficas: os signos de puntuación: *as aspas, as reticências e os parênteses.* - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: ✓ Linguaxe non verbal e diferenzas entre a propia cultura e a cultura portada pola lingua obxecto de estudo. ✓ Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Plurilingüismo: consciencia das habilidades metalingüísticas adquiridas durante as aprendizaxes lingüísticas e transferencia destes coñecementos/estratexias dunha lingua a outra para avanzar no seu dominio. - Funcións comunicativas: ✓ Establecemento da comunicación e organización do discurso. ✓ Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, medio e longo prazo. ✓ Léxico escrito común e máis especializado relativo a: ✓ Descrición do tempo. ✓ Descrición de eventos, acontecementos, actividades, procedementos e procesos. ✓ Recoñecemento e uso de expresións fixas, locucións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos da actualidade, acontecementos históricos e actividades tradicionais. - Contidos sintáctico-discursivos: ✓ Expresión da existencia (p. ex., existir, dar-se faltar, acontecer); a entidade (*substantivos contables /incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/ tónicos); determinantes; a calidade (por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo;* azulado; útil para a dificuldade em dormir). ✓ Expresión do tempo: pasado (*pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito composto, gerúndio composto); presente (presente, gerúndio); futuro (futuro simple e composto; (+Adv.); haver-de*). Valores especiais: pasado (presente histórico, pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito simples e composto); futuro (futuro imperfeito (+Adv.), futuro perfeito do indicativo e condicional). ✓ Expresión da cantidade (*Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p.*			x

			ex. bastante, a maior parte de, mais ou menos; ao menos 20 pessoas; perto de 30 km., duas vezes no máximo; um monte de gente. *Grao: p. ex. consideravelmente; bastante bem*; totalmente; tão de repente).			
	3	B1.1 B1.2	- Estratexias de comprensión de mensaxes orais: ✓ Mobilización de información previa. ✓ Identificación do tipo de texto. ✓ Distinción entre tipos de comprensión (global, detallada, esencial). ✓ Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. ✓ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. - Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis comúns (expresivos, apelativos, verificadores e fáticos).	Nov. Dec.	6	
		B2.1 B2.2	- Estratexias de produción (planificación): - Identificar na tarefa o contexto, o destinatario e a finalidade. - Distinguir as ideas principais e a estrutura básica da mensaxe. - Activar a reserva de coñecementos previos sobre a interacción lingüística. - Estratexias de produción (execución): ✓ Rendibilizar ó máximo os coñecementos previos apoiando o discurso neles. ✓ Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (uso de sinónimos, parafraseo...) ou paralingüísticos (acenos, posturas, sinalar obxectos ou contactar visualmente; usar elementos prosódicos de axuda como a entoación...). ✓ Reaxustar a tarefa e/ou mensaxe logo de valorar as dificultades atopadas e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Uso de modelos de interacción nos contextos formais e/ou informais máis habituais.			
		B3.1	Estratexias de comprensión: - Mobilización de información previa a partir de información superficial (imaxes, organización da páxina, títulos...). - Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Estratexias de comprensión: ✓ Mobilización de coñecementos previos a partir de información superficial (organización da páxina...) e paratextual (imaxes...). ✓ Identificación do tipo de lectura máis axeitada á tarefa (selectiva, superficial...). ✓ Dedución de posibles significados a partir de elementos significativos, tanto lingüísticos como paratextuais. ✓ Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.			
		B4.1	- Estratexias de produción (planificación): ✓ Mobilizar as propias competencias comunicativas para a realización eficaz da tarefa. - Estratexias de produción (execución): ✓ Elaborar un borrador.			

			✓ Expresar as mensaxes con claridade, axustándose, se é o caso, a modelos ou fórmulas específicas. - Estratexias de produción (revisión): ✓ Identificar problemas, erros e repeticións. ✓ Usar correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. ✓ Presentar o texto de forma coidada (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).			
		B5.1 B5.2 B5.3 B5.4 B5.5 B5.6 B5.7	- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. - Patróns gráficos e convencións ortográficas: tipos de acentos e funcións. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: ✓ Identificación dos hábitos de vida no que ó traballo e ós estudos se refire no ámbito da Lusofonía: plans de estudo, condicións laborais, relacións interpersoais (eidos educativo, ocupacional e institucional...). ✓ Actitude respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan unha lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Plurilingüismo: ✓ Consciencia das habilidades metalingüísticas adquiridas durante as aprendizaxes lingüísticas e transferencia destes coñecementos/estratexias dunha lingua a outra para avanzar no seu dominio. ✓ Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. - Funcións comunicativas: ✓ Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. ✓ Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. ✓ Léxico escrito común e máis especializado relativo a: ✓ Descrición de estados. ✓ Recoñecemento e uso de expresións fixas, locucións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos da actualidade. ✓ Recoñecemento e uso de sinónimos, antónimos e de procedementos de formación de palabras (derivación e composición). - Contidos sintáctico-discursivos: ✓ Expresión de relacións lóxicas: adición (*não só...como também; não só... também;* além disso; nem sequer*); disxunción (ou, ou...ou); oposición/concesión (mas, mesmo assim, embora;* porém, no entanto; apesar de); causa (*por causa disso;* por causa de; *daí que;* devido a; por consequência); finalidade (*para + Inf.; para que,* a fim de que*); comparación (mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto,* como se; bastante menos cansado; muito mais raro; resultado (*assim, portanto*); resultado/correlação (tão...que, tanto...que). ✓ Interrogación (*sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., De quem é a culpa?); interrogativas tag (p. ex., Isto é fácil, não é?); interrogativas eco e duplas)*. interrogativas enfáticas (p. ex. Onde é que vive?).			x

2ª Avalia	ADE DIDÁ	Identificación do conti	Contido (*)	Temporalización	Probas avali

				Mes	Número de sesións	
	4	B1.1 B1.2	- Estratexias de comprensión de mensaxes orais: ✓ Mobilización de información previa. ✓ Identificación do tipo de texto. ✓ Distinción entre tipos de comprensión (global, detallada, esencial). ✓ Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. ✓ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. - Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis comúns (expresivos, apelativos, verificadores e fáticos).	Dec. Xan.	15	
		B2.1 B2.2	- Estratexias de produción (planificación): - Adecuar o discurso ó destinatario, ó contexto e á canle empregando o rexistro máis axeitado. - Activar a reserva de coñecementos previos sobre a interacción lingüística. - Estratexias de produción (execución): ✓ Expresar a mensaxe con claridade e coherencia e axustala a modelos/fórmulas se for necesario. ✓ Reaxustar a tarefa e/ou mensaxe logo de valorar as dificultades atopadas e os recursos lingüísticos dispoñibles. ✓ Verificar, na interacción con outras persoas, a comprensión propia e a dos demais. - Uso de modelos de interacción nos contextos formais e/ou informais máis habituais.			
		B3.1	- Estratexias de comprensión: ✓ Mobilización de coñecementos previos a partir de información superficial (organización da páxina...) e paratextual (imaxes...). ✓ Distinción dos tipos de comprensión que se requiran (global, detallada...). ✓ Dedución de posibles significados a partir de elementos significativos, tanto lingüísticos como paratextuais. ✓ Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.			
		B4.1	- Estratexias de produción (planificación): ✓ Buscar e usar recursos lingüísticos e temáticos na produción textual. - Estratexias de produción (execución): ✓ Estruturar o contido do texto. ✓ Expresar as mensaxes con claridade, axustándose, se é o caso, a modelos ou fórmulas específicas. ✓ Reformular a tarefa e/ou mensaxe ante posibles dificultades ou limitación de recursos expresivos. - Estratexias de produción (revisión): ✓ Verificar a progresión e a coherencia. ✓ Usar correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.			
		B5.1 B5.2	- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:			X

1ª Lingua Estranxeira II Portugués 2º BACH	B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explicitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión. B.1.3. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común segundo o contexto de comunicación (por exemplo, estrutura interrogativa para expresar admiración). B1.4. Comprender o esencial de conversas ou debates sobre temas académicos ou profesionais da súa área de interese, desenvolvidos nunha linguaxe sen usos idiomáticos, e extraer información específica relevante aínda que non se comprenda a totalidade dos textos. B1.5. Recoñecer os significados e intencións comunicativas expresas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara. B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade normal, que traten temas tanto concretos como abstractos, incluso se son de carácter técnico cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, académico e laboral/profesional, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles. B1.7. Comprender as ideas principais e as específicas máis relevantes de textos gravados ou audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión.	PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais). PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor. PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito académico ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos. PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas académicos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión. PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal.	CCL CAA CSC CCEC CD	⇒ Perseverar no proceso de comprensión do que se aprende, anticipando respostas e inferindo o que non se coñece coa axuda de linguas afíns que son do seu dominio ou coñecemento máis superficial (galego, castelán e francés). ⇒ Entender sen dificultade, nunha entrevista formal, preguntas sobre a formación previa, os datos persoais, proxectos académicos de cara ó futuro, preferencias en xeral... ⇒ Captar, solicitando repetición se é necesario, instrucións ou indicacións dadas de viva voz ou escoitadas en gravacións. ⇒ Comprender sen dificultade as interlocucións propias das xestións da vida cotiá: orientarse con indicacións orais, informarse sobre un produto e as súas características nunha tenda; interactuar nun restaurante no que se lle fan suxestións sobre especialidades ou algunha preparación e saber xestionar información recibida para o uso distintos medios de transporte. ⇒ Distinguir con claridade a información máis relevante de situacións inusuais, como un aviso de alerta por inclemencias do tempo... ⇒ Captar, nunha conversa informal, diferentes puntos de vista sobre temas susceptibles de ser debatidos para, de ser o caso, ser quen de explicalos. ⇒ Percibir, coas repeticións oportunas, a información esencial en interlocucións nas que se describen sentimentos e emocións de certa complexidade, ou aspectos abstractos de temas como a literatura, o cinema, a música ou a actualidade. ⇒ Identificar con facilidade e seguridade a información máis relevante de presentacións ben estruturadas (teñan ou non apoio visual) cando se están a tratar temas relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, sempre que se utilice a variante estándar da lingua e unha pronunciación nítida da mesma (documentais, filmes, series de televisión, vídeos divulgativos e publicidade).

1ª Lingua Estranxeira II Portugués 2º BACH	B2.1. Coñecer, seleccionar con coidado e saber aplicar eficazmente e con certa naturalidade as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, os interlocutores e a canle de comunicación; recorrendo á paráfrase ou a circunloquios cando non se atopa a expresión precisa, e identificando e corrixindo os erros que poidan provocar unha interrupción da comunicación. B2.2. Construír textos claros e co detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do propio campo de especialidade ou de interese, e defender un punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os proles e os contras das opcións, así como tomar parte activa en conversas formais ou informais de certa lonxitude, desenvolvéndose cun grao de corrección e fluidez que permita manter a comunicación. B2.3. Utilizar correctamente, sen erros que conduzan a malentendidos, as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de coherencia e de cohesión de uso común e máis específico, seleccionándoos en función do propósito comunicativo no contexto concreto (por exemplo, o uso da voz pasiva en presentacións de carácter académico, ou de frases de relativo para facer unha descrición detallada). B2.4. Ler en voz alta con énfase expresiva de xeito que poidan recoñecerse as ideas clave, utilizando o ritmo e as pautas para facer a lectura comunicativa, engadindo algún comentario persoal ao texto (aclaración de palabras, algún novo exemplo, unha alusión a experiencias compartidas, etc.) e corrixíndose con naturalidade no caso dalgunha equivocación. B2.5. Planificar e articular o texto oral segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal. B2.6. Expresarse con relativa facilidade e naturalidade, e cun grao de fluidez que permita desenvolver o discurso sen moita axuda do interlocutor, aínda que poidan darse algúns problemas de formulación que retarden algo o discurso ou que requiran expor de maneira distinta o que se quere dicir. B2.7. Xestionar a interacción de maneira eficaz en situacións habituais, respectando e tomando a quenda de	PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita(planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.). PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese académico ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixárense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal. PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos. PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter académico ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións. PLEB2.5. Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos. PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua.	CCL CAA CSC CCEC CD	⇒ Participar activamente nas clases usando o portugués a maior parte do tempo e esforzándose de maneira constante por entender e por facerse entender. ⇒ Facer unha vez ó mes presentacións sobre algún aspecto de temas relacionados co académico ou co ocupacional, con ensaio previo se for preciso e apoio de imaxes e/ou vídeos en casos puntuais. A exposición deberá ser coherente e argumentada. Así mesmo, deberá saber responder con soltura a preguntas que se lle formulen ó remate da mesma e ser quen de ampliar algúns dos contidos expostos sen dificultade. ⇒ Intervir en conversas informais nas que é quen de intercambiar información, expresar opinións fundamentadas e coherentes, relatar algo pasado, manifestar proxectos ou desexos de futuro, pedir e dar indicacións precisas, facer unha suxestión, expresar sentimentos e describir detalles concretos ou abstractos de temas como as súas propias afeccións, o cine, a a música, a actualidade, a literatura... ⇒ Desenvolverse con soltura, utilizando recursos lingüísticos eficaces e unha linguaxe cinésica apropiada, así como as fórmulas de cortesía propias da lingua portuguesa, en situacións susceptibles de se producir durante unha viaxe ou unha estadía noutro país: escoller comida; comprar algo en diferentes establecementos; procurar axuda coas autoridades; buscar e recibir atención médica; informarse sobre actividades culturais, deportivas ou de lecer do lugar onde se encontra... ⇒ Participar en conversas ou entrevistas formais de carácter académico (ou ocupacional), intercambiando información relativa a estes temas, pedindo indicacións e/ou solución a problemas concretos (matricularse nun curso, solicitar un certificado,preguntar polo funcionamento dunha institución...) ou ben expresando coherentemente accións e puntos de vista propios e expoñendo os seus plans de futuro.

	palabra con amabilidade e cando se desexa, e axustando a propia contribución á dos interlocutores, percibindo as súas reaccións, e defenderse en situacións menos rutineiras, e mesmo difíciles (por exemplo, cando a persoa interlocutora acapara a quenda de palabra, ou cando a súa contribución é escasa e hai que encher as lagoas comunicativas ou animala a participar).			
1ª Lingua Estranxeira II Portugués 2º BACH	B3.1. Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e a organización da información e o tipo de texto. B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinalizadas; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua, formulados de xeito claro. B3.3. Seguir instrucións de certa complexidade e extensión tanto do ámbito público como do propio da especialidade, aínda que sexa necesario apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, bosquexos e outros. B.3.4. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e laboral ou profesional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles. B3.5. Recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado en xornais, revistas, guías, páxinas web e novelas, e distinguir entre información, opinión e persuasión, así como comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os impulsan a actuar. B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos e relacionados cos propios intereses e as poidan reler as seccións difíciles. B3.5. Recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado en xornais, revistas, guías, páxinas web e novelas, e distinguir entre información, opinión e persuasión, así como comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os	PLEB3.1. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal(por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou grafitti), académico (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais). PLEB3.2. Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese. PLEB3.3. Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos). PLEB3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e académico, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade. PLEB3.5. Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos académico ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos. PLEB3.6. Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos. PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes algunhas ideas implícitas, e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles.	CCL CAA CSC CSEC CD	⇒ Localizar con facilidade, en calquera que sexa o soporte, información específica en textos xornalísticos e identificar as conclusións principais dun texto argumentativo. ⇒ Comprender sen dificultade a información transcendente de anuncios formais, relacionados co mundo académico ou ocupacional ou co seu interese persoal, emitidos por institucións ou organismos públicos. ⇒ Entender a información máis importante de textos instrutivos nos que se dan instrucións detalladas (funcións xerais dun ordenador persoal, por exemplo). ⇒ Identificar con claridade os elementos dun texto narrativo: o argumento, a caracterización dos personaxes e as súas relacións, o espazo onde se desenvolve a historia e o/s tempo/s en que esta transcorre. ⇒ Comprender con facilidade correspondencia persoal (e-mails, blogues e foros ...) na que, de forma detallada,son descritos sentimentos ou se relatan experiencias e se dan opinións sobre temas de carácter xeral ou do seu interese persoal. ⇒ Entender sen dificultade correspondencia formal (carta escrita e-mails...) procedente dunha institución ou organismo oficial (por exemplo, os trámites relacionados con estadías formativas noutro país). ⇒ Comprender, con ou sen apoio visual (fotos, vídeos, mapas...) información específica en materiais de consulta, baixo calquera tipo de soporte (páxinas web, revistas, enciclopedias...).

	impulsan a actuar. B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos e necesidades nos ámbitos persoal, público, académico e laboral ou profesional, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua e escritos sen modismos pouco frecuentes.			
1ª Lingua Estranxeira II Portugués 2º Bacharelato	B4.1. Utilizar estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído, evitando o uso de palabras ou estruturas das que non se estea seguro e seguindo adecuadamente o proceso de escritura: planificación do texto, selección das ideas pertinentes ao propósito comunicativo, presentación das ideas segundo o tipo de texto, organización adecuada en parágrafos, e revisión da coherencia, a cohesión, a ortografía, a puntuación e as concordancias. B4.2. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos ben estruturados e de certa lonxitude; por exemplo, integrando de maneira apropiada información relevante procedente de fontes diversas, ou reaxustando o rexistro ou o estilo (incluíndo léxico, estruturas sintácticas e patróns discursivos) para adaptar o texto ao destinatario e ao contexto específicos. B4.3. Escribir, en calquera soporte, textos ben estruturados sobre unha ampla serie de temas relacionados cos propios intereses ou a especialidade, facendo descricións claras e detalladas; sintetizando información e argumentos extraídos de diversas fontes e organizándoos de maneira lóxica; e defendendo un punto de vista sobre temas xerais, ou máis específico, indicando os proles e os contras das opcións, utilizando para iso os elementos lingüísticos adecuados para dotar o texto de cohesión e coherencia, e manexando un léxico adaptado ao contexto e ao propósito comunicativo que se persegue. B4.4. Planificar e articular o texto escrito segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal. B4.5. Elaborar resumos e notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal. B4.6. Presentar os textos escritos de maneira coidadosa (con atención a marxes, riscados, liñas dereitas, letra	PLEB4.1. Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estadía no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas. PLEB4.2. Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada. PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado). PLEB4.4. Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo). PLEB4.5. Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado. PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobreemas persoais, académicos ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe. PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter académico ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria académica ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de	CCL CAA CSC CCEC CD	⇒ Escribir correctamente correspondencia persoal coa que poder expresar as súas emocións ou sentimentos, relatar experiencias, intercambiar ideas sobre temas concretos (*as relacións interpersoais*) e emitir opinións fundamentadas sobre temas relacionados co seu interese persoal. ⇒ Completar os datos (persoais e académicos) dun cuestionario oficial con fins específicos (inscribirse nun curso no estranxeiro, solicitar unha bolsa de estadía...). ⇒ Expresar por escrito con fluidez, coas fórmulas de cortesía que correspondan, comentarios breves de toda índole cos que dá e pide información ou expresa opinións nun foro (redes sociais...). ⇒ Saber redactar, segundo a estrutura propia deste tipo de documentos, unha carta formal a unha institución ou empresa privada á que se lle solicita un determinado servizo ou produto. Exemplo: pedir información detallada ó concello sobre a programación cultural do ano en curso. ⇒ Realizar por escrito, coa riqueza léxica que cumpra, un informe expositivo sobre un tema ocupacional que inclúa a descrición detallada de obxectos e situacións (opcionalmente tamén de lugares e persoas) e respecte unha estrutura formal definida (título-corpo-síntese e, de ser o caso, referencias bibliográficas). A lingua empregada deberá presentar estruturas discursivas adecuadas no que á construción sintáctica se refire e un léxico especializado acorde co tema a desenvolver.

	clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.). en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.	textos.		
1ª Lingua Estranxeira II Portugués 2º BACH	B5.1. Discriminar e reproducir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, axustándose debidamente a algunha variedade estándar da lingua, e seleccionalos en función das propias intencións comunicativas, incluíndo a expresión sinxela da ironía e do humor. B5.2. Axustarse con consistencia aos patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico. B5.3. Distinguir a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias do texto, como implicacións facilmente discernibles, e apreciar as diferenzas de significación de distintos expoñentes destas, así como distinguir os significados e os propósitos xerais asociados ao uso de patróns discursivos típicos polo que respecta á presentación e á organización da información (entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema; a topicalización, pondo o tema da oración ao principio, como por exemplo en "Diso non quero falar"; contraste, digresión ou recapitulación). B5.4. Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais e escritos ben axustados ao contexto específico, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias, e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando erros serios de formulación ou presentación textual que poidan conducir a malentendidos ou situacións potencialmente conflitivas. B5.5. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e expresións e modismos de uso habitual, e máis especializado segundo os propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público, académico e laboral ou profesional, así como un reducido repetorio de palabras e expresións, e as connotacións máis discernibles, que permita un uso humorístico, poético ou estético sinxelo do idioma. B5.6. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersonais en diversos contextos (desde informal ata institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (por exemplo, históricos, xeográficos, literarios ou artísticos), que permitan	PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático. PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación. PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación. PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan. PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta. PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural. PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA CSC CCEC CD	⇒ Dominar, tanto na lectura como na fala (espontánea ou non), as características fonéticas definitorias do *português padrão* (europeo) (nasalización, palatalización, identificación de guturais e de sonoras..., incluídas as particularidades por fonética sintáctica) e utilizar con eficacia patróns de entoación que inciden na comprensión da mensaxe por parte dos interlocutores (nomeadamente, o resto do alumando. ⇒ Comprender a fonética específica doutras variantes do portugués, ler sen dificultade nestas variantes e expresarse nelas coa debida planificación, así como coñecer e recoñecer o seu léxico particular e as expresións e/ou fórmulas definitorias das ditas variantes. ⇒ Utilizar axeitadamente e con seguridade, tanto na lingua oral como na escrita, as principiais convencións da lingua portuguesa: fórmulas de cortesía, de tratamento, frases feitas de uso contextual, acenos semiotizados..., respectando en todo momento os aspectos sociolingüísticos das mesmas e as diferenzas de índole cultural (con respecto á cultura propia) que poden ser reflectidas por elas. ⇒ Formular asiduamente, nas actividades diarias de aula, hipóteses sobre significados apoiándose no coñecemento e experiencias noutras linguas afíns ó portugués (galego, castelán e francés). ⇒ Participar en proxectos plurilingües claramente orientados a poñer de relevo a transversalidade e a convivencia (elaboración e/ou interpretación dunha escena teatral na que falantes de galego, castelán e portugués intercambian información sobre os diferentes costumes cotiáns das comunidade nas que se fala algunha das tres linguas; exposicións de léxico claramente implicado en diferenzas culturais...).

	captar as alusións máis directas sobre estes aspectos que poida conter o texto. B5.7. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesite desta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta. B5.8. Utilizar o coñecemento sociocultural sobre o modo de vida da comunidade que é obxecto de estudo e as diferenzas esenciais entre as prácticas, os valores e as crenzas desa comunidade e as propias, para facer un texto comprensible a unha persoa interlocutora que descoñece a lingua estranxeira, e resolver posibles malentendidos e conflitos interculturais. B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.			⇒ Comprender e desenvolverse con seguridade, co nivel lingüístico adecuado (léxico específico e construcións discursivas precisas) en situacións comunicativas que requiren unha interactuación inmediata na aula (pedir ou ofrecer un obxecto ou unha información puntual, solicitar e/ou agradecer a axuda, desculparse, organizar as tarefas dun traballo en grupo...) ou fóra dela (realizar, oralmente ou por escrito, xestións da vida cotiá ou relacionadas con necesidades puntuais; solicitar información dun tema específico, laboral ou académico; tramitar a documentación requirida nun traslado ou nunha estadía...).

7 Concrecións metodolóxicas requiridas pola materia de Lingua Portuguesa

7.1 Aspectos xerais

A aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira coma o portugués é, polos motivos expostos na introdución, un proceso que se afasta do habitual nestes casos, pois estamos a falar dunha lingua coa que o galego, idioma habitual do noso alumnado, ten máis concomitancias ca co resto das linguas oficiais dentro do seu propio país. A situación, é, pois, excepcional: compartimos estruturas léxicas e sintácticas e o groso do noso sistema gramatical cunha lingua “estranxeira” e iso, paradoxalmente, significa que os nosos alumnos e alumnas son os mellor dispostos, despois dos usuarios nativos, para a aprendizaxe do portugués, pois non estamos a falar dunha lingua allea e descoñecida, senón dun sistema moi próximo ó noso do que, en definitiva, só nos afastan diferenzas, nomeadamente fonéticas, bastante puntuais. Esa é a razón pola que un/ha alumno/a galego/a pode botarse a ler comprensivamente en portugués en moi pouco tempo, e iso, evidentemente, supón unha situación de partida diferente á hora de estudar unha lingua estranxeira.

Por todo o exposto, a metodoloxía tradicional de base dedutiva, aínda que sexa ineludible en ocasións, vai resultar ser frecuentemente improdutiva neste caso. É preciso, sobre todo no primeiro ano -e no segundo, quizais, independentemente do nivel (pois pode escoller a lingua tamén como optativa nun nivel avanzado)- facer o camiño ó revés e chegar á norma logo dunha variada “exploración”: analoxías, semellanzas co galego e con outras linguas románicas, uso da fonética galega para o caso da comprensión oral, análise de usos que se lle dá en cada caso a determinado

vocabulario específico (*falsos amigos*). A indución é, en definitiva, a vía xeneralizada para as nosas actuacións, e inducir desde a oralidade, ou desde a lingua escrita, a composición gramatical dunha lingua admite miles de enfoques e combinacións, moitos deles lúdicos, para a súa aprendizaxe, sobre todo nos niveis iniciais:

7.2 Estratexias metodolóxicas xerais:

⇒ A imaxe formará parte, en tódolos niveis, do enfoque metodolóxico que queremos potenciar: imaxe para a expresión oral e imaxe para a expresión escrita: a lingua que vive en cada visionado: na aula, no propio alumnado, no material audiovisual... Se facemos un uso recorrente dela, adecuándoa a determinados obxectivos, facemos a aprendizaxe efectiva e significativa e creamos unha base sólida para construcións lingüísticas máis complexas. Empregarase sobre todo para a adquisición de léxico irá enriquecéndose pouco a pouco. Nos primeiros cursos será sinxelo, accesible, concreto e familiar. Os textos elixidos serán sacados da vida corrente de todos os días, situacións coñecidas polos/as alumnos/as: unha chamada telefónica, unha comida nun restaurante, vacacións na praia... No Bacharelato pásase a un vocabulario máis abstracto, e faise frecuentar aos/ás alumnos/as os textos literarios, así como no estudo de xiros idiomáticos que lles poidan permitir, por exemplo, entender un programa de radio.

⇒ A interactuación do colectivo que conforma a clase é outro dos piares sobre os que se constrúe o predio lingüístico: é preciso aprender xuntos un código que serve, basicamente, para comunicarnos cos demais. A lingua pasa, entón, por métodos que propicien a intervención do grupo e a interlocución continua dos seus membros: representación de escenas cotiás, concursos de léxico, resposta ás fórmulas de uso habitual (saúdo, presentación...).

⇒ A música é un dos camiños a percorrer. Os textos poden escoitarse cantarse aínda sen ser estudados lingüisticamente, e iso permitirá que o alumnado aprenda de maneira activa e atractiva e cree unha expectativa da súa propia aprendizaxe moito máis elevada ca se se tratase dun texto común.

⇒ A estancia no mundo lusófono, física ou virtual, completa un proceso dinámico no que a lingua debe ser usada para “aprenderse a si mesma”: no seu territorio de orixe, no caso das visitas didácticas organizadas a Portugal, e nos territorios da Lusofonía que as novas tecnoloxías nos ofrecen actualmente (intercambios con estudantes portugueses a través de calquera medio: mail, skipe, teléfono...). Os niveis máis altos da ESO e o estudantado de Bacharelato poden aproveitar magnificamente estas opcións, se ben non se orientan especificamente cara a ningún curso concreto; serán a propia madureza lingüística do alumnado e a súa iniciativa no contacto con falantes nativos os factores que definan unha maior concorrencia nesta vía de aprendizaxe.

⇒ A gramática da lingua non será en ningún caso un obxectivo en si mesma, senón que estará ao servizo, en calquera caso, da aprendizaxe por competencias.

⇒ A metodoloxía, en definitiva, é a que se vaia requirindo ó longo do curso segundo as necesidades. Ten máis sentido, xa que logo, falar dela na memoria final, pois en principio só se poderían presentar unhas liñas de actuación, de intención e de susposta idoneidade. Só o tempo e o proceso de aprendizaxe que se desenvolva co alumnado de portugués permitirán confirmar esta liña proposta.

8 Materiais e recursos

Este curso non se utilizará libro de texto en ningún dos niveis. Todos os materiais foron elaborados (e elaboraranse cantos cumpran) adecuándoos ás necesidades de cada grupo, tendo sempre en conta que unha parte do alumnado precisa dun reforzo especial de inmersión por ser a primeira vez que cursa a materia de *Lingua portuguesa*. No caso de 1º da ESO, todo o alumando está nesta situación, polo tanto, a adaptación de materiais débese máis que nada á atención á diversidade (alumnos/as con certas dificultades). Nos outros niveis, sobre todo naqueles en que a materia é optativa, comparten grupos alumnos e alumnas que xa cursaron portugués en anos anteriores con outros que o elexiron neste curso académico. Cómpre, xa que logo, incorporar ó novo alumnado ó nivel que se require ou, cando menos, orientalo individualmente para que acade os mínimos establecidos para o mesmo. A non escolla dun libro de texto explícase por estas circunstancias.

En xeral, todos os materiais e recursos que se empreguen serán pensados especificamente para aumentar a eficacia de determinadas aprendizaxes. Entre outros, recorreremos a:

- **Libros de texto de apoio**: NAVEGAR EM PORTUGUÊS I, FALAS PORTUGUÊS?
- Materiais teóricos: *GRAMÁTICA ATIVA I, GRAMÁTICA ATIVA II, NOVA GRAMÁTICA DE PORTUGUÊS, FALSOS AMIGOS, 5OO ERROS MAIS COMUNS DA LÍNGUA PORTUGUESA, MANUAL DE FONÉTICA, HOJE EM DIA, PORTUGUÊS ATUAL 3.*
- **Prácticas de lingua e exercicios**: *FALAR PELOS COTOVELOS, PORTUGUÊS OUTRA VEZ, PORTUGUÊS EM DIREITO, PRATICAR PORTUGUÊS*, *DO Ñ PARA O NH, ESCRITA EM DIA, POR FALAR NISSO, HISTÓRIAS DE BOLSO.*
- **Manuais de consulta**: *DICIONÁRIO PORTUGUÊS LÍNGUA ESTRANGEIRA, DICIONÁRIO VISUAL ATRAVÉS, DICIONÁRIO DA LÍNGUA PORTUGUESA,*
- **Publicacións** periódicas portuguesas: prensa convencional (cando se dispoña dela) ou dixital, revistas específicas de gastronomía, cociña, viaxes, culturais... (serie *CULINÁRIA, MARAVILHA, COZINHA REGIONAL*...).
- Publicacións puntuais (conmemorativas ou de cooperación): *DOIS PAÍSES, UM DESTINO.*
- **Textos de obras clásicas da literatura portuguesa e lusófona** en xeral e da **narrativa xuvenil actual** (títulos referidos no apartado de ***Plan Lector*** desta programación; unha parte traballarase na clase, con fragmentos escollidos e outra parte serán lidos integramente polo alumnado tal como se indica no dito Plan Lector).

- **Medios de comunicación**, nomeadamente a **RTP** (a Rádio Televisão Portuguesa) e o diario PÚBLICO na súa versión dixital.
- **Internet** (vídeos, enciclopedias, páxinas web...).
- **Dicionarios visuais** elaborados pola profesora, dixitais ou dixitalizados (imaxes escaneadas a partir de tarxetas, pare evitar manipular obxectos na aula).
- Cd e DVD con música de diferentes puntos da Lusofonía: ***Cesária Évora, Zeca Afonso***, ***Vinícius de Moraes, Bárbara Tinoco, Amália Rodrigues, Miguel Araújo, Tribalistas***, ***Mariza, António Zambujo, Ana Moura***...
- Sempre que sexa posible, **obxectos** de uso práctico que acheguen os campos léxicos á realidade (o servizo da mesa; a roupa; o material escolar; alimentos; símbolos materiais da cultura portuguesa e lusófona, aparellos de uso cotián...).
- **Folletos publicitarios, notas informativas, información de produtos comerciais**...
- Filmes en portugués: ***A REDE SOCIAL, MEU PÉ DE LARANJA LIMA***, ***CANÇÃO DE LISBOA, O PRINCÍPIO DA INCERTEZA, ALICE, TUDO O QUE APRENDEMOS JUNTOS, A ONDA, O HOMEM QUE COPIAVA, XINGU*** e episodios soltos dalgunhas series de interese (***3%, BLACK MIRROR***).
- **Fichas** de todo tipo elaboradas pola profesora: para completar palabras a partir de audicións; para substituír termos marcados por sinónimos ou antónimos; textos breves para continuar ou resolver (buscar un final); xogos de palabras (adiviñar o termo...); palabras para definir; definicións para buscar o termo que corresponde; series para localizar o vocábulo "intruso", prácticas con "falsos amigos" (palabras existentes nalgunha das outras linguas que coñecen, pero que presentan en portugués un sentido diferente)...
- **Outros recursos** (?): visita dalgún cantante en portugués; visitas a Portugal e interacción cos falantes nativos; charla no centro con algunha persoa portuguesa ou dalgún país lusófono que estea a residir actualmente na contorna...
- Tódolos **materiais** que se proporcionen en **cursos** ou **xornadas de formación** (ou unha orientación sobre os mesmos) serán adaptados así mesmo como complemento para os distintos niveis en que se imparte a materia de Lingua portuguesa.
- Como ferramentas de traballo, será fundamental o uso de **ordenadores**, aínda tratándose de ensino só presencial. Por iso, sempre que sexa posible, utilizaranse as aulas de Informática do centro como recurso habitual de aprendizaxe. Nas primeiras semanas, explicaranse ou revisaranse procedementos de uso da aula virtual para un bo aproveitamento da mesma e traballaranse outros aspectos (procesamento de textos...). O **móbil** será outra ferramenta útil en casos puntuais que se lle irán indicando ó alumnado ó longo do curso.
- Outros que poidan xurdir que se reflectirán na memoria final de curso.

9 Avaliación

9.1 Procedementos de avaliación inicial

9.1.1 ***Planificación do curso***. Nas dúas primeiras semanas do curso, pediraselle ao alumnado que cubra uns cuestionarios, adaptados a cada nivel, sobre diferentes aspectos da lingua portuguesa e da cultura dos pobos lusófonos. Así mesmo, desenvolveranse na clase diferentes actividades de comprensión oral para observar o grao de adquisición do alumnado (espontánea, no caso do alumnado que cursa a materia por primeira vez ou creado, no caso daqueles alumnos que xa o teñen cursado con anterioridade). En base aos resultados tomaranse as decisións oportunas con respecto ás pautas didácticas a seguir no curso. En calquera dos casos, cumprirá, en tódolos niveis, axustar a avaliación da materia á progresión dos discentes, asegurándonos de realizar unha aprendizaxe con base firme e significativa.

9.1.2 ***Procedementos que lle permitan ó alumnado de Bacharelato acreditar os coñecementos necesarios na materia de Lingua Portuguesa***.

Normalmente, o alumnado que se incorpora ó Bacharelato ten coñecementos da materia por ser se tratar dunha lingua cunha estrutura moi próxima á do galego e porque, en moitos casos, cursouna nalgúns ou en todos os cursos da ESO. Isto é especialmente sigfinicativo se o alumnado, como é o caso do curso actual, solicita o cambio de 1ª Lingua Estranxeira en 2º de BAC, pois o feito de tela estudado anteriormente, aínda que fose como 2ª Lingua, favorece sobremaneira a súa incorporación á actual. Con todo, no caso de alumnado que nunca cursase a materia, este reunirase coa profesora responsable, de xeito individual e realizará un test de compresión tanto oral como escrita para certificar a súa competencia no desempeño da nova materia.

9.2 Criterios e procedementos de avaliación na ESO

9.2.1 A **avaliación presencial** dos alumnos deberá ser **continua**, nun proceso no que a súa propia participación (a autoavaliación) terá un papel importante. Atenderase ao desenvolvemento de capacidades e ao esforzo e traballo individual e colectivo desenvolvido así como á consecución dos obxectivos propostos.

Os procedementos de avaliación estarán en relación co logro da competencia comunicativa e o desenvolvemento e consecución das catro destrezas (comprensión e produción oral e comprensión e produción escritas), así como a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais. Nos niveis de “debutante” a avaliación formativa debe ser prioritaria. De tódolos xeitos, dado que no contexto escolar é necesaria unha avaliación sumativa, establecemos os seguintes **criterios**:

- ⇒ A **expresión oral** avaliarase na actividade de aula, nas interrelacións cos compañeiros e compañeiras e coa profesora. Pode tamén establecerse unha proba específica individual, atendendo ós obxectivos de cada unidade: saber presentarse, dicir onde se vive, falar da familia, etc., na que se avaliará a correción formal, a pronunciación e a soltura; en resumo, a capacidade de que a mensaxe se transmita correctamente. Quedará constancia desta avaliación, do mesmo xeito cás demais, no caderno do profesor, que servirá como ficheiro

de datos durante o curso para recoller a progresión do alumnado en cada unha das destrezas.

- ⇒ A **comprensión oral** avaliarase cunha proba de escoita ou na actividade de aula, tratando de comprobar a comprensión sobre os temas das unidades: relacionar datos e imaxes, completar cadros verdadeiro-falso, situar obxectos no espazo, identificar obxectos ou imaxes e identificar e saber responder ás mensaxes da profesora ou dos compañeiros/as.
- ⇒ A **comprensión escrita** avaliarase tamén con exercicios adecuados a cada nivel: descubrir erros, completar imaxes con texto, sinalar persoas ou obxectos a partir do texto, ordenar diálogos, datos, etc.
- ⇒ A **expresión escrita** avaliarase con exercicios a través dun modelo (enquisa, pregunta-resposta, fichas…), redacción de textos sinxelos (descricións, cartas ou correos electrónicos,…), adecuados a cada nivel.
- ⇒ A **reflexión sobre a lingua** avaliarase tamén con exercicios de pregunta-resposta, encher ocos, separar palabras, completar frases a partir de imaxes, etc.

Nos cursos da ESO a avaliación da **comprensión e expresión escrita** así como da **gramática** realizarase en **probas escritas sobre o contido das unidades e o explicado na clase**, e a **comprensión e expresión oral** avaliaranse preferentemente na **actividade de aula** (aínda que se poida completar a avaliación da comprensión cunha proba específica).

9.2.2 **Criterios de cualificación**:

- ✓ A **probas escritas** representará un **50% da nota**, mentres que a actividade de aula o **restante 50%** repartido do seguinte xeito: ***expresión e comprensión oral* 20%**, ***deberes e outras tarefas, orais e escritas,* 20%** e ***actitude e disposición cara á materia,* 10%**.
- ✓ Como norma xeral, **descontarase 0.10 puntos por cada falta de ortografía**, sempre que se estudase previamente na clase esa grafía ou a norma que rexe a súa correcta escritura (o acento dunha aguda rematada e –a, por exemplo). **Non** se contarán en ningún caso as faltas repetidas (se se repite ó longo dun texto, descontarase unha soa vez, 0.10 puntos).
- ✓ O alumnado presentará os seus traballos coa corrección e pulcritude necesarias para ser lido e corrixido. A profesora poderá **descontar dúas décimas** se considera incumpridas as ditas normas. Nas **probas orais**, a interacción poderá ser profesora-alumno/a ou entre alumnas/os.
- ✓ Á hora de calcular a **nota da avaliación**, **redondearase á baixa** por incumprimento do prazo de entrega dos traballos, comportamento negativo, falta de interese e actitude incorrecta con respecto ó/á profesor/a e compañeiros/as de clase. E, polo contrario, sempre e cando a actitude sexa boa, procederase ao **redondeo á alza.**
- ✓ A **cualificación final** obterase calculando a **media das tres avaliacións** e valorando a progresión positiva dos alumnos ao longo do curso. Para aprobar o curso é necesario obter unha **nota superior ou igual a 5/10.** A **nota mínima** nunha avaliación para facer media é de **3.** Toda

avaliación cunha nota inferior deberá ser recuperada, ben mediante proba, ben mediante traballo complementario.

(*) *En cumprimento da ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o procedemento de avaliación da materia de* ***Portugués Segunda Lingua Estranxeira*** *a partir do curso 2021-2022 aplicarase do seguinte xeito:*

Realizada a 3ª avaliación, a orde de actuacións nas últimas semanas do curso (xuño) variará en función da existencia ou non de alumnado coa materia pendente:

1) **Grupos con alumnado suspenso**: tódolos alumnos do grupo realizarán as mesmas actividades de revisión da materia (contidos básicos), de forma que os que deben recuperala poidan facelo na avaliación final. O resto do alumnado será avaliado polo seu traballo e participación no repaso con ata **1 punto máis** na súa nota media do curso (ou, en sentido contrario, ata **1 punto menos** se non realizase as actividades propostas e mostrase unha actitude claramente contraria ó desenvolvemento das clases previas á avaliación final).
2) **Grupos coa totalidade do alumnado aprobado**: neste caso programaranse actividades que, sen deixar de se relacionaren coa materia, presentarán, polo xeral, un carácter máis lúdico da aprendizaxe: *comprensión de vídeos na lingua obxecto de estudo, concursos en portugués, xogos de palabras, traballo fonético con cancións, lectura e declamación de poemas, trabalinguas, textos humorísticos e banda deseñada; proxección de películas ou series na lingua da materia*, apoiadas con subtítulos na mesma se o nivel do alumando así o requirise e outras tarefas que, chegado o momento, se considerasen de interese para esta fase do curso. Neste caso, valorarase a actitude e participación do alumnado redondeando á alza a súa *cualificación final* ou, en sentido contrario, manterase ou redondearase á baixa a súa nota se se mostrase pasivo ou disruptivo respectivamente.

- **Avaliación ordinaria**

Cando unha alumna ou alumno non acade o 5/10 de media das tres avaliacións deberá presentarse a unha proba escrita final de toda a materia impartida. A valoración desta proba é sobre 10 puntos.

- **Avaliación extraordinaria**

No caso de non superar a materia na avaliación ordinaria, deberán presentarse á proba extraordinaria, na que deberán examinarse da materia programada na súa totalidade. A proba será escrita e valorada sobre 10.

9.3 Criterios e procedementos de avaliación no BACHARELATO

9.3.1 Avaliación do ensino no Bacharelato

Avaliaremos as catro competencias, o dominio da gramática e a reflexión sobre a lingua.

⇒ A avaliación da **comprensión e expresión escrita** así como a da **competencia lingüística** efectuarase mediante probas escritas e producións do alumnado (redaccións...).

⇒ A **comprensión oral** efectuarase mediante unha proba audio de comprensión.

⇒ A **expresión oral** será avaliada na clase, nas interrelacións cos compañeiros/as e coa profesora e mediante tarefas concretas (habitualmente a escenificación de situacións da vida cotiá e a presentación, por parte do alumnado, de traballos previamente elaborados: vídeos gravados fóra do centro, etc.).

9.3.2 En canto ós **instrumentos de avaliación:**

- ✓ Cada trimestre realizarase umha **proba obxectiva xeral** que incluirá os contidos mínimos establecidos nesta programación.
- ✓ Faranse**, con toda a frecuencia que sexa posible (unha vez ó mes, cando menos),** probas específicas de acentuación, léxico e verbos, así como actividades de comprensión, redacción e expresión oral (estas últimas avaliaranse como traballos de clase).
- ✓ Realizaranse **tarefas na clase** de índole variada: traballos, actividades de redacción (escribir unha carta ou un e-mail…), de descrición, exercicios de ampliación..., que serán reflectidos no caderno da profesora e valorados de xeito positivo.
- ✓ Tomarase en conta o **disposición do alumnado,** mesmo neste nivel do Bacharelato: a iniciativa e o interese, a participación, a capacidade de traballo en grupo, os hábitos de traballo e o cumprimento das tarefas e dos prazos establecidos para a súa entrega. Dado que se trata de ensinanzas non obrigatorias, a asistencia ás clases (ou o absentismo, en sentido negativo), tamén incidirá na cualificación final da materia, facéndoa redondear á alza ou a baixa segundo a dita asistencia ou ausencia das clases.

A **nota final** de cada avaliación será o resultado de todas as notas obtidas nos seguintes procedementos:

- O traballo persoal do/a alumno/a, valorando sempre o progreso e o esforzo.
- A asistencia á clase co material requirido e unha boa disposición.
- A participación activa e unha actitude correcta na clase servirán para medir a expresión e comprensión oral.
- As probas escritas e orais que se realicen ao longo da avaliación.

9.3.3 Criterios de cualificación

BAREMO: a comprensión e produción escrita representarán un 50% da nota; a produción e compre*nsión oral,* 30%, e *os traballos (da casa ou da clase), exposicións e outras tarefas* e *actitude* un 20%.

- Como norma xeral, no BACHARELATO **descontarase 0.10 puntos por cada falta de ortografía**. Non se terán en conta, en ningún caso as faltas repetidas (se aparece máis dunha vez ó longo dun texto, descontarase unha soa vez, 0.10 puntos).

- Á hora de calcular a **nota media da avaliación**, **redondearase á baixa** por incumprimento do prazo de entrega dos traballos, comportamento negativo, falta de interese e actitude incorrecta con respecto á profesora e compañeiros e compañeiras de clase. Se algunha das circunstancias anteriores se produce de forma grave e/ou recorrente, a nota final poderá dimnuír ata **2 puntos**. en casos de **absentismo inxustificado** (antes de se producir a perda da avaliación continua), procederase do mesmo xeito, rebaixando, se fose o caso, ata un máximo de 2 puntos na nota final do curso.
- No caso contrario, sempre e cando a actitude sexa boa, tanto no que se refire ó interese pola materia como no relativo á relación co grupo-clase, procederase ao **redondeo á alza.**
- A **cualificación final** obterase calculando a media das **tres avaliacións**, valorando sempre a **evolución positiva do alumno/a ó longo do curso**. Para aprobar é necesario obter una nota igual ou superior a 5/10. A nota mínima para facer media nunha avaliación é 3. Toda avaliación cunha nota inferior deberá ser recuperada.

Ademais,

(*) *En cumprimento da ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o procedemento de avaliación da materia de* ***Portugués Segunda Lingua Estranxeira*** e ***Portugués Lingua Estranxeira*** *a partir do curso 2021-2022 aplicarase do seguinte xeito:*

- No ***Bacharelato***, dado que coinciden a *3ª avaliación* e a *final ordinaria*, no caso de que houbese alumnado suspenso, durante o período precedente á **avaliación extraordinaria** atenderanse as súas dúbidas e traballaranse os contidos do curso voltando a realizar, como práctica, as probas do mesmo e outras específicas deseñadas para a revisión xeral da materia.

✓ **Avaliación extraordinaria**

- ***Portugués Segunda Lingua Estranxeira (II)***: cando unha alumna ou alumno non acade o 5/10 de media das tres avaliacións deberá presentarse a unha proba final, oral e escrita, de toda a materia impartida. A valoración desta proba é sobre 10 puntos, dos cales, **3** corresponderán á **parte oral** (compresión dun audio e expresión oral dun determinado tema a escoller entre tres) e **7 á parte escrita** (comprensión de textos escritos: 2 puntos; expresión escrita (redacción): 1.5 puntos e manexo das estruturas gramaticais: 3.5 puntos, dos cales, 1 punto corresponderá á parte teórica e 2.5 á práctica).

- No caso da materia de ***Portugués Lingua Estranxeira II*** (2º de BAC) o alumnado deberá realizar as correspondentes probas parciais do nivel (**seis** en total), mesmo se non tivese asistido ás clases. Ademais, e tal como se recolle nos criterios de cualificación, terá unha

penalización de **1 punto** por inasistencia, polo que deberá alcanzar unha media aritmética dun **6** para a superación da materia en igualdade de condicións co resto dos/as alumnos.

- Se se dese a situación de que un alumno ou alumna teña esta materia como único suspenso do Bacharelato, poderase acoller á situación de ***excepcionalidade*** indicada no artigo 15 (punto 3) da Orde (25 de xaneiro de 2022) para a súa **titulación**. Este departamento considera a estes efectos que a inasistencia continuada e inxustificada ás **clases** constitúe un **impedimento** para que un/ha alumno/a poida acollerse á excepcionalidade referida.

9.4 Recuperación e avaliación da materia pendente na ESO e no BACHARELATO:

- Nos cursos da **Ensinanza Secundaria Obrigatoria** (excepto en 4º ESO, nivel terminal), os contidos que se avaliarán son os que se sinalan para o nivel a recuperar como *Contidos mínimos*.

  O alumnado que teña pendente a segunda lingua estranxeira Portugués **recibirá periodicamente diversos materiais** para ir traballando ao longo do curso. Estes traballos serán entregados á profesora responsable e, a través deles, comprobarase o progreso. Os ditos materiais consistirán en exercicios de reforzo, de ampliación, en realización de fichas de léxico e outras tarefas como descricións e redaccións. Estas actividades valoraranse sempre tendo en conta o interese, o progreso e esforzo persoal, e a entrega dos traballos cumprindo o prazo. Coa entrega dos traballos, rematados e correctamente realizados, e a evolución positiva no nivel actual (superior ó do ano pasado, e polo tanto, inclusor do mesmo, dado que se trata de contidos progresivos), considerarase que o/a alumno/a ten superada a materia pendente e non será necesario que se examine dela.

  De non se cumprir coas condicións descritas, o alumnado co portugués pendente **terá que realizar tres probas** nas datas que se establezan no centro para este fin. Unha destas probas será oral e as outras dúas escritas. A proba oral supoñerá un 30% da nota final e as escritas un 70%.

- Para a recuperación da materia pendente no **Bacharelato**, os contidos que se avaliarán son os que se sinalan para cada nivel da materia como *Contidos mínimos*. Ademais, os/as alumnos que tivesen que recuperala entregarán tres traballos durante o curso, segundo as pautas e calendario que se lles indique e deberán realizar unha proba final que contará un 50% da nota. Se os traballos non foren entregados, a cualificación da proba final constituirá o 100% da nota da pendente.
- No caso do alumnado de **2º BAC** que non cursara antes a materia, e que polo tanto ten pendente a materia de ***Portugués Segunda Lingua Estranxeira I*** (por non a ter dado nunca), recuperarana **coa mesma cualificación cá que obteñan no curso actual** ou **superior**, en función do esforzo demostrado (nunca inferior), dado que terán que asimilar os contidos dos dous cursos no ano en que cursan a materia (2º BACHARELATO). Para conseguilo, reforzarase a nota do curso actual con traballos complementarios de entrega mensual que non serán cualificados como materia pendente, senón como comprobación de que o alumnado implicado

está a aproveitar este curso para darlle cabida ós contidos dos dous, mesmo que parte deles teña que traballalos fóra do horario escolar propiamente dito (destinado á materia deste curso). A asistencia ás clases será especialmente tida en conta nestes casos, posto que se están a cursar dous niveis simultáneamente. Valorarase que o alumnado aproveite tódalas clases (fóra de causas xustificadas) e penalizarase na cualificación final o absentismo durante o curso.

- O alumnado que, non tendo cursado esta materia con anterioridade, se matricule nela como ***Portugués Lingua Estranxeira*** (**II**) en ***2º de Bacharelato***, terá **pendente** a correspondente materia de ***1º de Bacharelato***. A súa cualificación dependerá da media obtida no nivel actual (2º) ata o momento de se producir a avaliación de pendentes e en ningún caso será inferior á de 2º BAC. Teranse en conta principalmente tres factores: a entrega de traballos puntuais en cada avaliación; a participación nas clases do curso actual e a asistencia ás ditas clases no curso actual.

10 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

O labor docente e o propio proceso educativo serán valorados a final de curso a través da seguinte táboa de indicadores básicos:

Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral danse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				

6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

11 Medidas de atención á diversidade

11.1 Medidas xerais de atención á diversidade

O alumnado da segunda lingua estranxeira, en xeral, presenta unha gran diversidade de características (intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe) que hai que atender. De feito, desde o momento en que os/as alumnos/as optaron pola SLE, xa se está tendo en conta esa diversidade de intereses. A opcionalidade queda así suscitada, desde a súa orixe, como un espazo educativo onde prima unha formulación curricular aberta e flexible, e serán o/a profesor/a quen interprete os diversos contidos, de acordo coa realidade das características persoais e grupais que caracterizan os/as alumnos/as do grupo co que se está traballando.

Esta atención á diversidade debe aplicarse ao longo de todo o proceso educativo dun xeito efectivo e eficaz:

- Nun primeiro momento do proceso, facendo que cada alumno/a parta dos seus propios coñecementos e capacidades, consciente de que os seus avances no proceso serán valorados, en todo momento, tomando como referencia os seus coñecementos previos, sen esquecer que forma parte dun grupo.

- Nas diferentes fases do proceso, estimulando, corrixindo e valorando a cada alumno/a, avaliando, á súa vez, a eficacia constatada dos materiais e metodoloxías empregados.

- Ao final do curso académico, considerando os progresos alcanzados polo/a alumno/a con respecto ao seu propio punto de partida individual, máis que con referencia aos parámetros obxectivos da perspectiva grupal en xeral.

Polo que respecta ás medidas de atención á diversidade reguladas legalmente e das que dispón este centro, na materia de segunda lingua estranxeira, este curso, levamos a cabo as seguintes:

- ✓ Exención da segunda lingua estranxeira (o portugués, neste caso) para aqueles alumnos que, con informes previos de Primaria ou trala observación por parte do profesorado das linguas

vehiculares no curso actual (oídos así mesmo os profesores que lles impartimos a segunda lingua estranxeira nas primeiras semanas), mostren serias dificultades na área lingüística. No momento de iniciarse o curso, a Orientadora do centro informará do alumnado que se encontra nesta situación e ó longo das primeiras semanas do mesmo será observado o dito alumnado polo profesorado de linguas, nomeadamente polo das vehiculares, galega e castelá. Na avaliación inicial decidirase a súa continuación na segunda lingua ou a súa incorporación ó grupo de reforzo correspondente. Tamén se valorará, se for o caso, a súa situación xeral no grupo actual (PSL), pois sucede, que, en ocasións, a autoestima deste alumnado vese reforzada coa súa permanencia nas clases de portugués, pois, malia formar parte do currículo como segunda lingua estranxeira, en realidade é para estes alumnos/as un idioma próximo, no que só teñen algunhas dificultades case sempre salvables coa axuda da profesora e do grupo. A experiencia en cursos anteriores mostrounos o positivo que foi para algúns destes alumnos que houbese unha continuidade do/da alumno/a co grupo e co idioma. Os resultados finais foron moi positivos e indicounos a liña a seguir para os casos que se puidesen producir no presente e no futuro. Nas avaliacións iniciais do nivel (1º da ESO) detallarase todo o proceso evolutivo deste alumnado e analizarase a conveniencia ou non de continuar cursando esta materia.

- ✓ En xeral, todo o alumnado de 1º ESO, por estudar a materia por primeira vez, precisa de máis axuda e seguimento por parte da profesora. Lembremos que hai un cambio de etapa, bastante trascendente para o alumnado, e que se incorporan a materias novas para eles. A necesidade de adaptación é maior ca no resto dos niveis e neste curso, ademais, deben facer fronte a dous hándicaps:
  1) A propia situación provocada pola pandemia, repleta de rutinas estresantes (desinfección das aulas nas que reciben esta materia, uso permanente de mascarilla na aprendizaxe dunha lingua estranxeira...).
  2) O agrupamento de todo o alumnado deste nivel nun único grupo, o que sen dúbida incidirá na atención ás necesidades de cada un dos discentes (en grupos ó límite de capacidade e con medidas de distancia de seguridade a fluidez das clases é, cando menos, difícil).
- ✓ No caso do ***alumnado con dificultades de aprendizaxe*** (em 1º ou noutros niveis da ESO, deseñaranse estratexias e actividades (reforzando especialmente as tarefas asociativas con implicacións do visual) que lle axuden a acadar os obxectivos mínimos, se finalmente se acorda na avaliación inicial do mesmo a súa continuidade no grupo da segunda lingua estranxeira Portugués. No curso 2022-2023 será preciso atender así mesmo as necesidades dos alumnos disléxicos e reforzar a motivación dos alumnos máis vulnerables (dificultades para aprender ó mesmo ritmo dos outros, etc.).
- ✓ No resto dos niveis, tanto da ESO como Bacharelato, haberá que coidar especialmente a ***integración do alumnado que nunca cursou a materia*** en grupos con outros/as alumnos/as que xa estudaron o portugués con anterioridade. O coidado destes alumnos pasa por un reforzo en materiais de estudo, pero tamén, e sobre todo, por unha atención extra que lles permita

coller ritmo no curso actual (resolución de dúbidas, explicacións individualizadas de aspectos básicos...).

12 Concreción dos elementos transversais traballados polo Departamento de Portugués

12.1 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE PORTUGUÉS Ó PLAN LECTOR

No proceso de aprendizaxe, trátese da materia de que se trate, a lectura é, incuestionablemente, un instrumento fundamental. Se falamos dunha lingua estranxeira, ler é absolutamente imprescindible, dado que:

- Permite a adquisición dos coñecementos específicos do idioma (gramática, léxico...).
- Convértea en código vehicular para outras aprendizaxes.
- Permite e propicia outras actividades, de carácter menos académico (aínda que non por iso menos útiles para aprender) e máis lúdico: a lectura proporciona pracer a quen a practica; trátase, neste caso, de aprender unha lingua a través de lecturas que, além da súa función principal, resultan interesantes e estimulantes para os/as alumnos.

⇒ O **portugués** é, neste sentido, unha das materias máis "agradecidas" para fomentar a lectura entre o alumnado. Ben é certo que se trata dun uso metalingüístico a maior parte do tempo, pero aínda así non podemos deixar de considerar un dos aspectos que cada vez salienta máis como un hándicap entre as/os profesoras/e de linguas: crear a vontade de ler no alumnado. No caso do portugués constátase a vantaxe de que xa desde que empezan a cursar a materia resúltalles atractiva a nova pronuncia e axiña se animan a probar coa lectura. Ademais, estamos a falar dunha lingua non propiamente "estranxeira", senón cunha raíz común que lle permite ós/ásnosos/as lectores iniciarse moi rápido e practicar o idioma case desde o primeiro día.

⇒ A partir das primeiras clases, polo tanto, amplíanse os campos de lectura para:

- Mellorar a competencia no idioma.
- Incrementar o grao de interese cara a el.
- Procurar unha mellor oralidade.
- Iniciarse na lectura da lingua literaria.

Para atinxirmos os tres primeiros obxectivos, a diversidade de recursos empregados é unha ferramenta importantísima. O alumnado é reacio -non sen certa razón, por abuso- ós libro de texto. Se a iso lle sumamos que en portugués aínda non se van poñer ós libros de lectura tampouco, queda como posibilidade inmediata o uso de materiais específicos:

- ✓ **Carteis** e **tarxetas** denominando o léxico estudado (o material escolar…). Este curso mostraranse aínda dixitalizadas (na pantalla da aula) na súa maior parte para evitar manipular obxectos e manter a seguridade.
- ✓ **Dípticos, revistas e libros** relacionados coa promoción cultural da cultura lusófona en xeral (e da portuguesa en particular). Ex.: ***Dois países, um destino***.

- ✓ **Información na rede sobre** os países e culturas que conforman a ***Lusofonía***. Inclúese a exposición dixitalizada permanente ESPAÇO LUSÓFONO elaborada por alumnado do centro.
- ✓ **Publicacións monográficas: *Maravilha, Cozinha Regional...*** (serie *CULINÁRIA*).
- ✓ **Prensa dixital: PÚBLICO**.
- ✓ *Recordatorio oral* de datas, das cores, dos números, etc., reproducíndoos tamén por escrito en tódalas ocasións que proceda (escribir a data completa no encerado; "colorear" de palabra o léxico que se está aprendendo…).
- ✓ **Letras de cancións**. A música é, sen dúbida, un dos mellores recursos a empregar na aula para a aprendizaxe do portugués:
  - Propicia a lectura (que despois será "escoitada" e, polo tanto, repasada por eles).
  - Motiva constantemente ó/á alumno/a para seguir aprendendo a lingua. É, neste sentido, un recurso motivador, ata para a aprendizaxe de cuestións gramaticais máis "áridas" para o alumnado (sistema verbal, expresión da temporalidade...).
  - Apréndelles así mesmo a interesarse por outras culturas.
  - Mellora significativamente a súa competencia oral (intentamos cantar como na canción que soa).
  - Dános a escusa perfecta para practicar unha nova lingua con pracer e entusiasmo (practicamente todo o alumnado cantou as cancións que se "estudaron" na aula; un dos grupos mesmo gravou alguna na emisora do centro).
  - Algunhas propostas: ***Garota de Ipanema*** (Vinicius de Moraes), ***Uma casa portuguesa*** (Amália Rodrigues), ***A saia da Carolina*** (pop. tradución), ***Canção do mar*** (Dulce Pontes), ***Milho verde*** (José Afonso), ***Grândola*** (José Afonso), ***O fadinho da tia Maria Benta*** (Amália Rodrigues), ***Aquarela*** (Toquinho), ***Maria a portuguesa*** (Maria do Céu), ***Loucos*** (Matias Damásio e Héber Marques), ***Amar pelos dois*** (Salvador Sobral), ***Perdoa-me*** (Carminho), ***Lela*** (tradución de Castelao), ***Oxalá que chova café*** (Juan Luis Guerra, tradución), ***Não me compares*** (Alejandro Sanz e Ivete Sangalo), ***Estou aqui*** (Shakira)... ***Chuva*** (Mariza), ***Eu parva não sou*** (Deolinda), ***Já sei namorar*** (Tribalistas), ***Chorando se foi*** (Kaoma/Ivete Sangalo), ***Sodade*** (Cesária Évora), ***Da cor da esperança*** (Diego Torres), ***Meu querido, meu velho, meu amigo*** e ***O progresso*** (Roberto Carlos), ***Sou do fado*** (Ana Moura), ***A vida na Tuga é dura*** (Alberto Mvundi), ***Os maridos das outras*** (Miguel Araújo), ***Pica do 7*** (António Zambujo), ***Distância*** (ÁTOA)...

⇒ **Textos escollidos** pola profesora nos que vaian aparecendo termos que se estudaron na clase con outros materiais. Exemplo: a palabra ***garoto*** aparece na primeira canción do curso cun significado concreto, "rapaz", pero tamén se menciona un segundo significado.Tempo despois, nun novo campo léxico estudado, lémbrase ese segundo significado "café pingado") e aproveitamos para rescatar tamén o outro ("rapaz"), é dicir, usamos a recorrencia para aprender lingua e estudamos na clase os dous significados. Esta mesma recorrencia, ademais, eleva significativamente o grao de satisfacción do alumnado, a súa propia autoestima. Un alumno ou alumna que consegue lembrar algo que de vez en cando se retoma, séntese máis disposto a aprender "outras cousas". Sente que triunfa na súa aprendizaxe, e iso supón un gran paso nun

momento en que gran parte do alumnado está moi condicionado psicoloxicamente por un posible fracaso ou polo medo a fracasar. Se xa falamos de alumnas e alumnos con especiais dificultades, a importancia da mellora que isto supón para a súa autoestima é maior aínda, o que vai redundar sen dúbida nunha mellor disposición xeral para o resto das materias.

⇒ **Lectura de obras literarias**. Se o alumno ou alumna son iniciados ó portugués no curso, non é ata aproximadamente a metade deste que se recomenda o seu uso. Todo depende do grao de asentamento que as bases inciais tiveran. Cómpre, sobre todo, que os cadros de xordas e sonoras estean ben claros (as confusións enlentecerían a lectura e faríana tediosa) e, sobre todo, que a nova pronuncia se fixese xa familiar para os novos lectores. Certo é que ter as palabras diante axuda, e non pouco, a identificar significados de forma bastante inmediata, pero cómpre entender tamén que o portugués é unha lingua fundamentalmente "fonética" e que será esa fonética a que atopen os nosos alumnos e alumnas no mundo real, moi por enriba da escrita. A lectura é, neste sentido, un servizo máis da oralidade, a grande raíña na aprendizaxe do portugués.

Distribución por niveis das **lecturas propostas** para o curso 2022 ~ 2023:

⇒ **1º ESO**: lectura grupal (en voz alta) de ***A menina do mar*** (Sophia de Mello Breyner Andresen) fragmentos de ***A montanha da água lilás*** (Pepetela) e dos ***Contos populares portugueses*** (Adolfo Coelho).

⇒ **2º ESO**: ***O caderno vermelho da rapariga karateka*** (Ana Pessoa) e fragmentos de ***O meu pé de laranja lima*** (José Mauro de Vasconcelos).

⇒ **3º ESO**: ***O Mandarim*** (Eça de Queirós) e ***Contos da montanha*** (Miguel Torga).

⇒ **4º ESO**: ***Os da minha rua*** (Ondjaki) e fragmentos de ***O mendigo e outros contos*** (Fernando Pessoa), ***Capitães da areia*** (Jorge Amado) e do ***Livro de Cesário Verde***.

⇒ **1º BAC** (P2L): textos escollidos de: ***O primo Basílio*** (Eça de Queirós), ***Os Sonetos Completos*** (Antero de Quental), ***A morte e a morte de Quincas Berro d'agua*** (Jorge Amado), ***Limões na madrugada*** (Carla M. Soares), ***O Alienista e Casa Velha*** (Machado de Assis).

⇒ **2º BAC** (P2L): fragmentos de: ***Brasil, Brasil!*** (Ana Maria Magalhães), ***Os Pescadores*** (Chigozie Obioma)***, As visitas do Dr. Valdez*** (João Paulo Borges Coelho), ***Os Maias*** (Eça de Queirós), ***Palavras Sussurradas*** (Alexandra Santos), , ***Os lusíadas*** (Luís de Camões), **O bobo** (Alexandre Herculano), ***Ensaio sobre a cegueira*** (José Saramago) e ***O bosque harmonioso*** (Augusto Abelaira), ***Memórias póstumas de Brás Cubas*** (Machado de Assis) e ***Gabriela, cravo e canela*** (Jorge Amado). Lecturas na aula de ***Macaquinhos no sótão*** (Susana Romana)

⇒ **PLE 2º BAC (1ª LINGUA)**: lectura íntegra de ***O primo Basílio*** (Eça de Queirós) e fragmentos escollidos de: ***Os da minha rua*** (Ondjaki), ***Charneca em flor*** (Florbela Espanca), ***Livro do desassossego*** (Fernado Pessoa), ***Poemas*** de Sophia de Mello Breyner Andresen, ***Dom***

Casmurro (Machado de Assis), ***Os Maias*** (Eça de Queirós), ***A hora da estrela*** (Clarice Lispector) e ***Os cus de Judas*** (António Lobo Antunes) e ***Mensagem*** (Fernando Pessoa) e ***O Cortiço***, de Aluísio Azevedo.

- ✓ Tanto nos catro niveis da ESO como na primeira lingua (2º de BACH) farase a lectura íntegra ó longo do curso das obras propostas en primeiro lugar. Nos cursos de Bacharelato da segunda lingua, sen embargo, leranse e traballaranse textos escollidos dos títulos sinalados, co obxectivo de ofrecer ó alumnado unha panorámica representativa da literatura lusófona de tódolos tempos. No caso da primeira lingua (2º de BACH.), ademais, leranse e traballarase na aula con textos literarios dos principais autores da literatura en portugués de diferentes épocas.

- Por último, e en consonancia con todo o descrito, cómpre ter sempre presente que canta maior conexión teña o aprendido coa vida diaria do alumnado, maior será a súa vontade de se introducir na nova lingua (ou non tan nova, teñen sempre a vantaxe de ser o alumnado mellor "disposto" lingüisticamente para aprendela) e, sobre todo, maior será a oportunidade de practicala continuamente. É por esta razón que léxico como o relacionado coa vida escolar, a comida, a roupa, etc. é o prioritario se pretendemos somerxer ás/ós rapazas/ces nesta lingua, xa que é ese vocabulario xustamente o que vai ter que utilizar tódolos días. Como reforzo ineludible, sempre, a **imaxe**. A falta de obxectos, lugares ou situacións reais que describir (das que tamén se dispón ás veces), a iconografía (primeiro "muda", despois "*legendada*" cos termos que se precisaren) como ferramenta didáctica responde á crianza dixital do noso alumnado. Mesmo que a imaxe non sexa a panacea axuda sen dúbida a *falar* na linguaxe actual (eminentemente visual) dos nosos alumnos e alumnas e, polo tanto, sería un erro que quedase relegada a aparicións anecdóticas. A imaxe dá paso á **palabra escrita**. Esta é **lida** e asociámola ó seu significado. Rematando o proceso, *a aprendizaxe está servida.*

12.2 EDUCACIÓN EN VALORES: CONTRIBUCIÓNS Ó *PLAN DE CONVIVENCIA*

Falar de valores na impartición dunha lingua que ten como marco xeográfico, social e cultural a variedade de pobos que conforman a Lusofonía, faise, con seguridade, imprescindible:

- ⇒ Aprender a respectar a diversidade de culturas ao longo de cinco continentes, vinculadas por un idioma común.
- ⇒ Valorar o patrimonio lingüístico que nos une particularmente a Portugal, como ponte para o entedemento entre dous pobos, que, malia formaren parte de dous países diferentes na actualidade, comparten unha estrutura común nas súas linguas potenciada pola aprendizaxe do noso alumnado do portugués actual.
- ⇒ Potenciar a empatía desde a propria lingua, ferramenta demostradamente eficaz na comprensión que as particularidades de cada pobo precisan nun mundo harmónico.
- ⇒ Practicar a non discriminación e a protección de individuos especialmente vulnerables (alumnos que chegan do país veciño ou do Brasil e buscan integrarse na nosa comunidade desde a súa lingua).

⇒ Tomar conciencia do maltrato que está a sufrir o planeta coa intervención do home ou co seu permiso, tomando como exemplo sangrante o Brasil, onde incendios, desastres naturais e a propia deforestación permitida están a asolar o chamado "pulmón do planeta".

Por estas e outras razóns, desde a materia de Lingua Portuguesa, como contribucións ó *Plan de Convivencia* do centro practicaranse ó longo do curso:

- ✓ Frecuentes traballos en equipos heteroxéneos que impliquen a colaboración por parte de tódolos seus membros e o aproveitamento, en positivo, de liderados espontáneos que se converterán en compartidos co desenvolvemento de múltiples actividades. Neste curso, as circunstancias obrigan a que eses traballos colectivos sexan realizados con seguridade, pensando en protexer ós demais e a si mesmos, co cal será frecuente que se propoñan colaboracións desde a casa e traballo dixital para complementar o presencial. En grupos con carga horaria maior (4º ESO e 1º/2º BAC, 2ª L), aproveitaranse as permanencias do alumnado na aula de Informática para traballar contidos transversais relacionados coa **convivencia, a resiliencia e a empatía**, fundamentais, as tres, neste período vital de tanta dificultade.
- ✓ Implicación e participación nas rutinas que desde o IES se organicen de cara á preservación e mellora da seguridade na saúde de todos/as e, por ende da convivencia.
- ✓ Posta en práctica de dinámicas de mediación cando as *turmas de Português*, conformadas sempre con alumnado procedente de grupos diferentes, precise de intervención en caso de conflitos xurdidos na convivencia dos seus membros.
- ✓ Invitación a toda a comunidade educativa, nomeadamente ó resto do alumnado, a compartir os proxectos que desde esta materia se desenvolverán ó longo do curso, foren actividades extraescolares ou formativas:

- Exposicións (dixital sobre a Lusofonía,de carácter *permanente;* edición de vídeos sobre a convivencia de etnias e culturas diferentes en países de fala portuguesa).
- Intercambios de convivencia "dixital" con algún centro de ensino portugués, con vistas a, no momento en que fose posible, convertela en experiencia presencial.

12.3 AS *TIC* (TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN)

As TIC, lonxe xa na actualidade de seren unha innovación coa que enfocar o ensino das linguas estranxeiras son, na actualidade, ferramentas indispensables na aprendizaxe das mesmas, de xeito que as clases raramente son desenvolvidas sen a utilización dalgunha das tecnoloxías da información, por parte da profesora na impartición da materia, ou por parte do alumnado na adquisición da lingua obxecto de estudo, neste caso, o português. É por iso que moitas das actuacións recollidas nesta programación pasan por usar, a diario, frecuentemente ou de xeito puntual:

⇒ O **ordenador** da aula para a reprodución de audios cos que traballar.

⇒ O proxector e a **pantalla dixital** para traballar con imaxes, ver vídeos, películas...

⇒ O **móbil**, en casos puntuais, para a consulta de información ou a reprodución a través de aplicacións nel contempladas (Radio Garden, radio en vivo desde toda a Lusofonía).

⇒ **Prensa dixital**, coa que podemos estar en contacto coa actualidade lusa, traballar temas de opinión universais... O xornal dixital de referencia será o PÚBLICO (Lisboa), dado que é precisamente esta a publicación que máis frecuentemente fornece de textos as probas ABAU. Os grupos de 2º de BAC, en consecuencia, frecuentarano a través do ordenador.

⇒ **Canles de televisión** a través da rede (**RTP**), fornecedores de materiais de traballos frecuentemente.

⇒ A **Internet**, particularmente ***sites*** para traballar contidos específicos cos alumnado nacido e criado na era dixital vai traballar de forma cómoda, natural.

⇒ Ordenadores individuales na **sala de informática**, desde onde procesar textos de todo tipo, desde correspondencia informal ata cartas de estrutura formal dirixidas a institucións, contactar por mail con interlocutores lusofalantes...

⇒ O **vídeo** para a gravación de actividades audiovisuais que requiren revisión ou, simplemente, permanencia como actividades de aprendizaxe.

⇒ Neste curso, ademais, a **aula virtual** funcionará de forma paralela á aula de ensino presencial, en previsión dun posible uso da mesma, se fose necesario, ou para complementar algunhas das aprendizaxes que atopan na vía dixital o mellor soporte no que presentarse. ***A presenza das TIC, polo tanto, fará parte do desenvolvemento do curso 22-23***. Desde este departamento formarase durante as primeiras semanas ó alumnado que o precise (por se incorporar ó centro ou por simple repaso dos procedementos), para que poida manexarse adecuadamente coas ferramentas TIC: subir arquivos á aula virtual; converter un arquivo; comprimir, procesar textos en portugués...

13 Actividades complementarias e extraescolares para o curso 2022 ~ 2023

O curso 2022-2023 é, á partida, o primeiro en que se poderán retomar as actividades anteriores á pandemia, especialmente as viaxes, que, con todo, quedarán sempre supeditadas ás condicións de seguridade que require o alumnado. As propostas, xa que logo, son susceptibles de seren modificadas ó longo do curso e incluso canceladas se xurdisen complicacións no seu desenvolvemento.

De entrada, desde este departamento cóntase con as seguintes actuacións:

- **1ª AVALIACIÓN:**
  - ✓ Concurso ***PALAVRAS PERFEITAS*** (para todo o alumnado de *Lingua Portuguesa*): o alumnado participante deberá escoller a súa palabra preferida en portugués e ilustrala nun

cartaz cunha fotografía (ou un debuxo/pintura) da súa autoría. Cada grupo seleccionará, por votación, as cinco mellores para expoñelas xunto coas dos demais grupos nalgún dos espazos comúns do centro.

- **2ª AVALIACIÓN:**

✓ Participar unha vez mais na ***Semana da Poesía*** como nos últimos dous anos desde que nacera a iniciativa (marzo de 2021). Nela o alumnado que teña a ben declamar un poema escollerá os textos da súa preferencia, de calquera época, estilo ou procedencia dentro da Lusofonía, con o único requisito de que os lea e interprete en portugués. Neste curso, ademais, promoverase a creatividade do alumnado, propoñendo leitura de poemas de elaboracións propia (o dos compañeiros) e algunha *performance* la declamación dos clásicos lusófonos (vestimenta de raíz cultural, combinación de lectores en grupo...).

✓ **Viaxes de inmersión lingüística e cultural a Portugal**. Intentarase realizar, se é posible:

1) Unha viaxe de cinco días a ***Coimbra, Porto* e *Aveiro*** (na semana das viaxes longas que se estableza no centro).

2) Unha viaxe de 1/2 días á eurocidade ***Tomiño ~ Vilanova de Cerveira*** e ó seu europarque (preferiblemente na recta final do curso, rematada a 3ª avaliación).

- **3ª AVALIACIÓN:**

✓ Como vén sendo tradición nos últimos anos, en abril de 2023 conmemoraremos a ***Revolução dos cravos*** cantando xunto con toda a comunidade escolar que o teña a ben a emblemática ***Grândola, vila morena*** nas instalacións do noso IES.

✓ ***SEMANA CULTURAL DA LUSOFONIA*** (final de curso): o alumnado participante realizará, por grupos, exposicións sobre distintos aspectos culturais de cada país lusófono. O conxunto delas será colocado nunha ubicación común (biblioteca, corredores...) e publicitado como exemplo do espírito lusófono do IES de Melide.

14 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

14.1 Mecanismos de revisión da programación didáctica

Ao final de cada avaliación, revisarase a programación didáctica, co obxectivo de comprobar a temporalización e reprogramar en caso de desfase. Ademais, farase un seguimento da mesma desde o ***departamento*** (desenvolvemento, dificultades, acertos...) que constará nas actas correspondentes. Por outra parte, analizaranse nas **CCP** que se convoquen durante o ano, a viabilidade de coordinar programacións de distintos departamentos (por exemplo, dos de linguas)

para a posta en práctica de actividades plurilingües, sobre todo nos dous primeiros cursos da ESO, especialmente as orientadas a tratar a transversalidade.

14.2 Avaliación da programación didáctica

Co fin de avaliar a programación didáctica, proponse a observación e análise do seguinte cadro de ***indicadores de logro***:

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica:	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

15 Marco lexislativo

Esta programación foi elaborada segundo o disposto na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de evaluación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato e a resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

15.1 Modificacións/adaptacións da programación didáctica

A presente programación didáctica atívose ó cumprimento en materia lexislativa da

- *RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.*

Melide, 12 de setembro de 2022.

A xefa do departamento

Ádega Mariña Andrade Freire